Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XV - Nº 170. Marzo 2020. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

MELIDE
O doutor Juan Gestal resolveu as dúbidas dos veciños sobre o Coronavirus P9

COMARCA
Santiso promove as vantaxes de estudar nun colexio rural P13

COMARCA
Unha guía do GDR recolle a natureza e etnografía da comarca P14

LECER
O Entroido enche as rúas de cor P18

ENTREVISTA

Óscar Manuel García Mosteiro, *Cármicas García* P23

Un concurso fotográfico polo Día do Pai para fomentar as compras

Asetem-CCA lanza unha nova campaña con motivo do Día do Pai. Trátase dun concurso fotográfico para redes sociais denominado "O meu papá merece o mundo". Con ese *hashtag*, os participantes deberán subir fotografías as súas redes sociais –entre o 13 e o 19 de marzo– amosando o "amor por seu pai". Os gañadores, que serán as dúas fotografías que obteñan máis interaccións, serán premiados con dúas ceas para dúas persoas en restaurantes de Melide. P3

Danos nas súas parcelas por mor das obras da A-54

Veciños do lugar de Alvite, na parroquia melidense de Campos, agardan por unha solución ás inundacións e fochancas que afectan as súas propiedades . P8

Aparatoso accidente en Melide ao colidir cun cabalo

O animal, que escapou dunha finca, colidiu contra un vehículo no que viaxaban unha muller e o seu fillo, veciños de Lugo. A muller resultou ferida leve. P11

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

30 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Información e virus

Hai moito tempo que se perdeu o interese por informar dun xeito rigoroso e o máis neutral posible. A ninguén se lle escapa que os grandes medios de comunicación, especialmente os televisivos, só buscan aumentar a súa audiencia aínda que sexa a costa de xerar certa alarma na poboación.

Si, como non podía ser doutro xeito referímonos ao tratamento informativo que se lle está dando ao coronavirus.

Onde quedaron principios fundamentais do xornalismo como o do respecto á verdade coa súa busca e difusión? Ou o da procura do SIGNIFICATIVO, o RELEVANTE e o verdadeiramente INTERESANTE para os cidadáns? Ou o deber de tratar as noticias de forma exhaustiva e **PROPORCIONADA**? Alguén pode explicar que ten de "última hora" o feito de estar cada cinco minutos anunciando que hai un novo caso de contaxio dun virus?

Non o puido definir mellor Ryszard Kapuściński ao sentenciar que "cando se descubriu que a información era un negocio, a verdade deixou de ser importante". Pois iso, resulta que agora, así de súpeto, os medios de comunicación global decidiron que o problema máis importante que temos actualmente no mundo... é o coronavirus.

Non hai que preocuparse por outro tipo de enfermidades aínda que teñan un índice de mortaldade maior (véxase o cáncer), nin por combater a pobreza extrema na que aínda viven milleiros de persoas, nin por ofrecerlle unha solución aos centos de refuxiados que continúan buscando unha alternativa de vida á guerra na que están sumidos os seus países de orixe; por non falar das vítimas de violencia de xénero que están quedando reducidas a un mero "reconto de asasinadas", ou dos "chanchullos do rei emérito" coa súa amiga Corina; ese si que é un verdadeiro coroa-virus.

Como membros dunha sociedade global que se presupón avanzada gozamos de certos privilexios, pero tamén temos obrigas, e unha delas debería ser a responsabilidade tanto con nós mesmos como con outras persoas. En que clase de cidadáns nos convertemos ao sucumbir á histeria e á psicose que nos trasladan a todas horas uns medios de comunicación cegados polo único obxectivo de facer negocio aumentando as súas audiencias?

Os medios de comunicación teñen a obriga de cumprir un código ético, certo; pero nós como consumidores deses medios tamén temos a obriga e o deber de analizar a información que recibimos, e non "tragar" con todo o que nos serven a diario. Pensemos por un momento en que foi o que levou a alguén a actuar desta maneira: "Roban 5.000 mascarillas y decenas de botes de gel en un hospital en plena crisis por el coronavirus"; foron as recomendacións e os consellos dos expertos? Ou foi a histeria colectiva xerada a través da prensa?

Estamos perdendo o xuízo?. Sexamos responsables e "mastiguemos" a información que nos chega, ou do contrario acabaremos devorados pero non polo COVID-19, senón pola información.

Tribuna de opinión

Rebaixas

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Rematado o período de rebaixas (polo menos como tradicionalmente se coñecía) as sensacións volven a ser dispares; uns satisfeitos coas vendas e outros non. Pero no que si se está a coincidir cada vez máis dentro do sector é en demandar que se volva a un período de promocións regulado.

Está claro que o pequeno comercio non pode competir coas grades superficies, e xa expuxemos en números anteriores que non se trata de dotar de máis subvencións ao sector, senón de redeseñar os obxectivos dalgunhas das achegas que actualmente se promoven.

Deixando ese punto a un lado e sabendo que non podemos competir en igualdade coas grandes superficies comerciais, nin con Internet, volver a un período regulado de rebaixas limitaría a competencia desleal e permitiría unha marxe de beneficios suficiente para sobrevivir.

E dicimos sobrevivir porque para o pequeno comercio é insostible manter descontos durante todo o ano, participar en campañas como o Black Friday ou adiantar as rebaixas a como tradicionalmente se establecían.

Nunca comarca como é a de Melide, con peculiaridades como a do Camiño de Santiago e a apertura dos negocios os domingos, debemos aproveitar o potencial do noso comercio, pero sen axuda regulada será difícil. Agora só falta que dende as administracións escoiten as nosas propostas.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Xosé Manuel Broz Rei
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf, Eva Novás, Ana Mato
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....8
- COMARCA.....12
- CULTURA E LECER 18
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

Demostrar e "retratar" o amor por teu pai ten premio en Melide

Asetem-CCA pon en marcha un concurso fotográfico con motivo do día do Pai para dinamizar o comercio

Tradicionalmente foi unha xornada boa para o comercio en xeral, e pensando niso a Asociación de Empresarios Terra de Melide – Centro Comercial Aberto deseñou unha campaña para o día do Pai, que se celebra o 19 de marzo.

A proposta consiste nun concurso fotográfico para redes sociais denominado "O meu papá merece o mundo".

Dinámica

Todos os participantes teñen que subir unha fotografía as súas redes sociais co hashtag #omeupapamereceomundo e etiquetar nela a Asetem. En dita fotografía os participantes demostrarán o amor polo seu pai, por exemplo "cun regalo, unha sorpresa, unha conversa, tomando algo con el, ou o que se lles ocorra", explicou Pilar López, xerente de Asetem-CCA.

Só se admitirá unha fotografía por participante e as dúas imaxes que teñan máis interaccións serán as gañadoras de cadansúa cea para dúas persoas. A primeira delas será no hotel Carlos 96 o día 21 de marzo no seu almorzo especial, con espectáculo incluído para a ocasión, e a segunda será na Parrillada Pilmar.

Os interesados en participar terán que subir as fotografías ás redes sociais entre os días 13 e 19 de marzo, ambos incluídos.

Edición dun libro

Tras dar a coñecer aos gañadores, dende Asetem barállase a posibilidade de editar un libro coas fotografías. "En caso de que haxa material abondo e de calidade poderase editar un libriño con estas imaxes máis adiante, pero para iso avaliaremos a calidade das fotografías", engadiu Pilar López.

A campaña "O meu papá merece o mundo" forma parte dunha serie de iniciativas que Asetem-CCA está poñendo en marcha co obxectivo de dinamizar o sector comercial e tamén a vila. "Nun momento no que tanto nos está custando competir coas vendas a través de Internet cremos que cada pequeno xesto para impulsar a economía local é necesario, así que esperemos que resulte e que poidamos seguir iniciando e mantendo actividades semellantes", concluíu a xerente dos empresarios.

Aberto o prazo ata o 24 de marzo para as axudas do PEL 2020

Foto: D.C.

A Deputación da Coruña, no marco do Plan de Emprego Local, convocou as axudas PEL 2020 coas seguintes liñas:

- LIÑA PEL EMPRENDE INVESTIMENTO: Axudas para contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables (aberto o prazo de presentación de solicitudes dende o 20 de febreiro).
- LIÑA PEL PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN: Axudas á creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (aberto o prazo de presentación de solicitudes dende o 21 de febreiro).
- LIÑA PEL PEMES MANTEMENTO: Axudas ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (aberto o prazo de presentación de solicitudes dende o 21 de febreiro).

As bases das axudas PEL 2020 poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia nº 29 de 12 de febreiro.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático a través da aplicación SUBTeL, que se pode atopar na páxina web da Deputación da Coruña (www.dacoruna.gal), pechando o prazo de presentación ás 14.00 horas do 24 de marzo de 2020.

Así mesmo, na web https://emprego.dacoruna.gal/ as persoas interesadas poden consultar a información actualizada do Plan de Emprego Local así como o documento de preguntas frecuentes (FAQ) referido ás Bases.

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

ANA LÓPEZ ULLOA · ***Parafarmacia O Cantón***

Cantón de San Roque, 28 Baixo (Melide) - Tlfns.: 981 937 350 - 667 565 119

“Temos descontos do 10% para dous colexios de Melide e outro de Palas de Rei”

Viu a oportunidade de emprender e non a desaproveitou. Ana López Ulloa, que xa viña do mundo dos negocios, xestiona dende xaneiro pasado a parafarmacia O Cantón, en Melide. Asegura sentirse moi arroupada polos clientes e recibir unha moi boa acollida. Entre as súas novidades, unha nova marca de cremas e promocións nos seus produtos para diferentes colexios da vila e arredores.

- Como é que se decidiu a coller as rendas da parafarmacia?
- Ana López (A.L.): A verdade é que non foi algo previsto. Eu estaba vivindo en Palas coa miña parella, onde tamén traballaba, e apareceu esta oportunidade. Vimos que se traspasaba a parafarmacia, falámolo entre os dous, pensámolo e decidimos que era unha boa maneira de embarcarse en algo novo. Eu xa veño do mundo do negocio, de feito anteriormente tivemos un taller en Taboada e unha vez que o cerrei estabamos pensando un pouco que facer. Así que basicamente aproveitamos a oportunidade.

- Canto tempo leva ao fronte?
- A.L.: Dende xaneiro de este ano.

- Aínda que sexa pouquiño tempo, que balance fai?
- A.L.: Ben, estou moi contenta a verdade, sobre todo coa xente e co apoio e a acollida que me están dando. Cando a xente empeza a saber un pouco que son nova, de onde veño, enseguida me din “para o que necesites aquí estamos”, “en Melide intentamos axudar sempre ao que empeza”, e a verdade é que moi ben. Unha acollida moi boa.

- Que servizos ofrece parafarmacia O Cantón?
- A.L.: Temos moito en tema de cremas para o coidado da pel; tamén hai un apartado pequeno sobre herboristería que é case sempre baixo pedido; infusións; unha parte de puericultura para neno, como son por exemplo os xoguetes, cremas; ademais de potitos, leites infantís, cueiros para nenos; e logo tamén cueiros para adultos, salvacamas, almohadillas de calor eléctricas, apósitos, tiritas, cepillos de dentes, colutorios, etc. Sen esquecer que tamén facemos cestas para bebés. Logo cando empeza a temporada de peregrinos os servizos tamén se adecúan a ese cliente con produtos como rodilleras, coderas, plantillas, o típico que pode usar un peregrino.

- Que é o que máis lle adoitan demandar?
- A.L.: Nestes momentos o que máis me están demandando son cremas faciais, mascarillas para o pelo, sacos de semillas, pintalabios e cremas de mans. Supoño que coa chegada dos peregrinos as peticións cambiarán, pero de momento isto é o que me piden.

- Incorporou algunha novidade dende que colleu vostede a parafarmacia?
- A.L.: Si, incorporei unha marca nova de cremas que é Uriage, e que xa me recomendara Rocío, a persoa que estaba aquí antes. É unha casa nova recomendada tamén por dermatólogos, así que animeime a probar con ela e a verdade é que está dando moi bo resultado. Ademais ten un prezo accesible.

- En canto a cosmética, entendo que ten produtos de todos os prezos?
- A.L.: Si, temos dende cosmética alta ata outra máis accesible, e calquera das marcas a verdade é que responde ante os distintos tipos de pel.

- Ten actualmente algún tipo de promoción?
- A.L.: Temos unha promoción do 10% nos xoguetes para nenos, e logo si é certo que fago promocións para os colexios da Martagona e do Número 1 aquí en Melide, e tamén para o colexio de Palas de Rei. Os que teñen carné da Anpa teñen o 10% de desconto nos produtos.

- Para rematar, cal é a principal diferenza entre farmacia e parafarmacia?
- A.L.: A diferenza máis grande é a de medicamento; é dicir, nós como parafarmacia non podemos vender ningún tipo de medicamento, teñen que ser nas farmacias baixo receita médica. Todo o que sexa sen receita médica, quitado algún produto puntual que non nos permitan, o resto si poden atopalo nunha parafarmacia. Por exemplo, o que se coñece como medicina natural poden mercalo aquí, pero todo aquel tipo de medicamento que precise dunha receita só en farmacias.

Grupo Noguerol estrea páxina web

Dende mediados do mes de febreiro Grupo Noguerol ten en activo a súa nova páxina web: www.gruponoguerol.com.

Trátase dun sitio na rede onde os usuarios poden coñecer máis sobre esta empresa, sobre o equipo humano que a integra, o seus valores, traballos realizados, servizos e o día a día.

Con máis de 75 anos no sector, Grupo Noguerol abarca dende a ferraxería ata o subministro industrial, pasando polo alugueiro de maquinaria, obras ou reformas entre outros servizos.

Galicia continúa perdendo autónomos

Despois de analizar os datos publicados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, para a Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA) "o ano 2020 comezou moi mal para os autónomos".

As estatísticas amosan que Galicia perdeu 1.334 autónomos no primeiro mes do ano, mentres que no conxunto do Estado desapareceron no mesmo período nada menos que 17.969 autónomos.

"A situación do emprego autónomo é dramática, sobre todo en sectores como o comercio e agora tamén na hostalería, e é que en tan só seis meses perdéronse en España 16.083 pequenos negocios de comercio que daban emprego a outras 8.000 persoas, sendo así que en conxunto perdemos uns 24.000 cotizantes", apuntou o presidente de FEAGA, Francisco Javier Pérez Bello.

Para o colectivo, "a desaceleración do consumo interno é a clave para estes datos tan negativos". Así por exemplo, no mes de xaneiro de 2020 perdéronse 6.328 licenzas comerciais, 2.529 negocios hostaleiros e 2.218 autónomos do sector da construción. Con isto, o mes de xaneiro finalizou con 207.471 autónomos no conxunto de Galicia, "a cifra máis baixa da serie histórica".

Por provincias, A Coruña segue liderando as cifras de autónomos (84.343); seguida de Pontevedra (66.369); Lugo (33.412) e Ourense (23.347).

"Estamos asistindo á desaparición do sector comercial, sen que nada pareza facer reaccionar aos responsables políticos e deixando secuelas irreversibles, fundamentalmente nas zonas menos poboadas, onde o comercio foi e é clave na vertebración e dinamización destas áreas", denunciou Pérez.

A CEC ofrece varios cursos gratuítos para persoas que estean en activo

A Confederación de Empresarios da Coruña (CEC) informou de que xa teñen dispoñible a programación de cursos gratuítos para persoas traballadoras en modalidade presencial ou de teleformación; unha serie de cursos que están subvencionados pola Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

As persoas interesadas poden formarse en márketing dixital, inglés empresarial, nóminas, fundamentos Excel, RSC ou factura dixital entre outras materias.

O lugar de celebración da formación en modalidade presencial será a sede da Confederación de Empresarios na Coruña. As prazas son limitadas.

Para recibir máis información os interesados poden chamar aos teléfonos da CEC, 981 133 702 ou 981 174 141.

POR SER DE XUSTIZA

Eva Novás
Avogada

Unha grande parte das nosas comunicacións diarias prodúcese de forma electrónica, xa sexa a través dos correos, dos servizos de mensaxes ou das redes sociais. E como é lóxico, este tipo de comunicacións fóronse incorporando ó ámbito xudicial como proba.

É máis, a día de hoxe non existe dúbida de que as emoticonas ou debuxos que acompañan ás mensaxes teñen unha carga comunicativa e como tal deben ser interpretados, atendendo ó contexto no que se produce o seu envío e o seu uso, así como á intencionalidade do autor. Teñen unha grande carga emocional e forza comunicativa e, aínda que algúns poidan suscitar controversia en canto ó que simbolizan, noutros casos serven para remarcar e interpretar de forma correcta o ton ou sentido do texto que acompañan.

Están plenamente aceptados socialmente como un tipo de linguaxe non verbal e cun contido propio. Tal é o caso no que se aportan como proba dunha ameaza, pois existen contextos nos que nunca pode considerarse inocente o envío de debuxos de armas, como pistolas ou coitelos, así como dunha caveira ou un ataúde, por exemplo. Incluso cando non existe un envío ou comunicación directo a un destinatario, senón a difusión dunha mensaxe que, tratándose dunha indirecta, poida ser comprendida ou recoñecida no entorno da persoa á que se dirixe. Este é o caso dos "estados" ou "actualizacións de estado" do servizo de mensaxes de WhatsApp, cando se empregan para difundir entre os contactos ataques ou alusións a outra persoa, aínda que non sexa expresamente nomeada.

Os tribunais xa aceptan que este tipo de uso pode ser constitutivo dun delito de inxurias e así o condenan. Neste sentido, destaca por curiosa unha sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra que xa fai algúns anos confirma a condena dunha muller polas inxurias contra quen fora a súa parella, que comezou a difundir a través das actualización de estado do WhatsApp despois de que o home rompese a relación e iniciase a convivencia con outra persoa. Considera a Audiencia que a denunciada utilizou o seu estado de WhatsApp para escribir mensaxes referidas á súa exparella sabendo que as poderían ler todos os seus contactos e coa intención clara de atentar contra a súa dignidade e contra a súa propia estima.

De nada lle serviu alegar que se trataba unicamente de expresar estados de ánimo, que non ían dirixidos a ninguén. Pois polos datos que proporcionaba nalgún dos estados quedaba claro a quen se refería, aínda que non escribise o seu nome: referencias á rúa e á cidade na que o home tiña unha vivenda, alusións ós días nos que permanecía nesta localidade e incluso alusións ó tatuaxe que tiña a actual parella do denunciante. Neste caso, tratábase dunha rosa, que a denunciada representaba sempre co debuxo da rosa vermella. Resulta tamén curioso ver como na sentenza se recollen as expresións empregadas pola denunciada e se poñen en contexto os debuxos que as acompañaban: Frases como "a min tocoume o gordo fai uns anos e agora que lle toque a outras", seguida do debuxo dun porco e dunha rosa. Ou, noutras ocasións, o nome da cidade na que el pasaba varios días ó mes, seguido do debuxo dunha man con dous dedos levantados ou un touro e a expresión "como os victorinos", en alusión á condición de infiel que lle atribuía á exparella.

Considérase que por todas as referencias e os datos empregados, aínda que fose a través de símbolos ou debuxos, queda acreditado á persoa á que se refería e á mala intención coa que se facían as continuas publicacións ou actualizacións de estado, por ter carácter degradante para a estima da persoa contra a que ían dirixidas e incluso aínda que non transcendesen a terceiras persoas, como así se fixo, pois para condenala bastaría o feito de que todas estas alusións lesionaban o honor do home ó que aludía.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Teléfono: 662 30 26 18

SABER DE LEI

8 DE MARZO

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Esta data considerase o Día Internacional da Muller dende que así foi declarado pola ONU en 1975, coa fin de unir esforzos para poñer fin á discriminación por motivos de xénero.

A explicación de que fose escollido este día e non outro non se debe o azar, senón que se remonta ao ano 1857, en plena Revolución Industrial, cando miles de traballadoras do sector téxtil decidiron saír ás rúas de Nova York co lema "Pan e Rosas" para protestar polas míseras condicións laborais e reivindicar un recorte do horario e o fin do traballo infantil. Despois desa manifestación chegarían moitas outras.

En Europa foi en 1910 -durante a segunda Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas, celebrada en Copenhague e á que asistiron máis de 100 mulleres procedentes de 17 países , entre as que se atopaba Rosa Luxemburgo-, cando se proclamou o Día Internacional da Muller Traballadora, establecéndose no mes de marzo.

Como consecuencia de dito cumio celebrouse en Alemaña, Austria, Dinamarca e Suíza por primeira vez o día da muller en marzo de 1911. Organizáronse mitins nos que as mulleres reclamaron o dereito a votar, a ocupar cargos públicos, a traballar, á formación profesional e á non discriminación laboral.

Esta celebración foise ampliando progresivamente a outros países, como Rusia en 1917, a China en 1922 ou a España en 1936.

A cor morada que representa tal data é a consecuencia do ocorrido o 8 de marzo de 1908, día en que máis de 100 mulleres morreron nun incendio nunha fábrica de Nova York, despois de declararse en folga permanecendo no seu lugar de traballo; unha loita sindical coa que pretendían unha redución da xornada laboral, unha mellora nas condicións de traballo e un salario igual ao que percibían os homes. A consecuencia foi a morte de todas elas en dito incendio, e a lenda di que da fábrica saía fume morado, xa que era a cor das camisas que estaban a facer. Posteriormente foi a cor elixida polas sufraxistas inglesas en 1908.

En pleno século XX habían moitas cousas que ás mulleres se lles prohibían, que non tiñan o dereito a facer, e que hoxe nos parece mentira que haxa só 100 anos ou incluso menos que ocorrían. Por exemplo, non podían vestirse con liberdade, non podían ter propiedades ao seu nome e sería o seu marido o que podía dispoñer dos seus bens, vender, etc ., sen tan sequera a súa firma, nin tampouco podían ser titulares de contas bancarias. As mulleres tampouco estaban autorizadas para servir ao seu país nos combates militares, podíaselle denegar un traballo a unha muller polo mero feito de ser muller, acceder a estudos técnicos e a "carreiras de homes", non tiñan capacidade de obrar de forma autónoma no sistema xurídico, non se lle permitía correr en maratóns ata 1972, ano en que correu no Maratón de Boston por primeira vez unha muller, ou ata 1960 as mulleres non podían tomar a píldora anticonceptiva en EE.UU., e ata 1978 en España non foi legal a súa venda. Ata 1978 as mulleres embarazadas podían ser despedidas do seu posto de traballo sen ningún outro motivo.

Ata 1981 a muller tiña que pedir permiso a seu pai ou ao seu marido, en caso de estar casada, para sacar o pasaporte ou para sacar o carne de conducir, nin a muller tiña a patria potestade dos seus fillos, a menos que fose viúva.

As mulleres tiñan prohibido traballar como avogadas ata 1971, e non foi ata 1978 cando apareceu a primeira muller astronauta.

En España o dereito ao sufraxio feminino activo non foi legalizado ata o 1 de outubro de 1931, podendo votar por primeira vez nos comicios electorais do ano 1933. Tamén en pleno século XX a muller non podía optar a un emprego sen autorización do marido, e non foi ata 1976 cando este permiso se deixou de requerir. O divorcio foi aprobado en 1981. O aborto non foi legal en España ata 1985, pero tan só o permitía en certos supostos, como eran os de risco grave para a saúde da muller, violación ou malformacións, antes de iso, as mulleres que desexaban abortar, para facelo tiñan que viaxar ao estranxeiro para interromper de forma voluntaria o embarazo. Ata o ano 2010 non se legalizou no noso país o aborto libre.

A violencia machista, a lacra dos nosos días, presente dende anos inmemoriais, foi nos últimos anos cando se tomou maior concepción do tema e en 2004 apróbase a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, unha norma na que se aproba por primeira vez unha serie de recursos para combatela. A pesar diso, a cifra de asasinatos cometidos segue a ser desgarradora.

Hoxe en día o 8 de marzo conmemórase en todo o mundo, a loita da muller pola participación en igualdade co home na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa. Máis aló das fronteiras e diferenzas étnicas, lingüísticas, culturais, económicas e políticas, as mulleres dos cinco continentes organizan diversos eventos para festexar este día.

Debemos loitar polos nosos dereitos específicos, abordando esta data como unha xornada mundial de reflexión, de loita e de demanda dos dereitos das mulleres, xa que en todos os países do mundo hoxe en día segue a existir desigualdade e discriminación e as mulleres enfróntanse a situacións de violencia, abusos e un trato desigual no seu fogar, no seu entorno de traballo polo único feito de ser muller.

A maior parte das persoas que viven en situación de pobreza son mulleres, teñen menor acceso a recursos, poder e influencia que os homes. Estas desigualdades e discriminacións arraigadas son as culpables de manter ás mulleres sumidas na pobreza.

Só un 24% dos escanos parlamentarios a nivel mundial son ocupados por mulleres, e un 5% no ámbito municipal. A media do salario das mulleres entre todas as rexións e sectores é un 24% inferior que a dos homes.

O teito de cristal é palpable, as barreiras invisibles que se atopan as mulleres ao abrirse paso nas súas carreiras profesionais e ir progresando cara postos de maior responsabilidade son evidentes. As desigualdades laborais entre homes e mulleres non só se reflicten nas nóminas senón na falta de visibilidade feminina, que ocasiona prexuízos sobre a capacidade das mulleres para acceder a postos de responsabilidade ou recibir galardóns polo seu traballo.

En España as cifras de 2019 indican que as mulleres representan un 60% de licenciados; en cambio a representación en altos cargos é dun 10%.

A situación de desigualdade empeora nos países con menos recursos, onde as mulleres teñen un acceso á educación máis limitado. Só 63 países ofrecen a baixa por maternidade de 14 semanas recomendada pola Organización Internacional do Traballo. E menos dunha terceira parte das mulleres traballadoras teñen dereito a pedir a baixa.

Os gobernos dalgúns países están desenvolvendo novas leis e medidas para promover a igualdade de xénero.

Islandia é o país con menor desigualdade de xénero e acaba de aprobar unha lei de equidade salarial; as empresas están obrigadas a pagar o mesmo soldo a homes e a mulleres (en caso de incumprir a lei, deberán pagar unha multa de ata case 400 euros ao día).

Suecia é un país referente en igualdade de xénero; o 46% dos seus representantes parlamentarios son mulleres, a líder da Igrexa sueca é tamén unha muller, e o permiso de maternidade é de 480 días, dos cales pais e nais poden repartirse como desexen.

As políticas de empresa non son sempre o suficientemente inclusivas nin favorecen a conciliación familiar. Por iso, as empresas deberían demostrar un compromiso coa prevención e eliminación de todas as formas de discriminación e violencia establecendo igual remuneración polo traballo de igual valor, desenvolver medidas en contra de fustrigar e do acoso sexual no ámbito laboral, facilitar o balance entre a vida familiar e laboral do seu persoal e involucrando activamente aos homes.

Adicionalmente os gobernos deberían de impulsar medidas afirmativas que permitan avanzar na quebra dos teitos de cristal e acadar de tal xeito unha sociedade máis xusta e equitativa a fin de conseguir que o principio de igualdade entre mulleres e homes sexa efectivo.

A loita debe ser incansable, e existirá un Día Internacional da Muller Traballadora mentres sexa necesario que exista.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Veciños de Campos denuncian danos nas súas propiedades a consecuencia das obras da A-54

Os veciños do lugar de Alvite, na parroquia de Campos en Melide, están a sufrir as consecuencias dos traballos de construción da autovía que vai unir Santiago con Lugo, a A-54, pese a que os seus terreos non están afectados polo trazado da mesma.

Os movementos de terra no lugar, unido ás choivas dos últimos meses, propiciaron que as escorras inundasen os seus prados e tamén a aparición de numerosos buracos de considerables dimensións que deixaron os terreos practicamente inservibles para o traballo diario.

"Abriron a autovía aló arriba e agora vén todo para aquí abaixo, terra, auga e todo o que arrastra, cando aquí non tiñamos eses problemas por moito que chovese", explica Mónica Arias, filla dunha das propietarias de dous terreos afectados. E iso non é o peor, pois tal e como asegura Santiago Porto, outro dos veciños con dúas parcelas directamente danadas polas obras da futura autovía, "calquera que se achegue ata aquí pode comprobar os socavóns que apareceron, dun metro de profundidade e máis dun metro de ancho; eso mete medo", di.

Precisamente a través dese "socavón" é por onde baixa a auga en tromba ata chegar á pista de Alvite, arrastrando todo ao seu paso, provocando desprendementos e inundando as fincas. "Unha vez que chega á pista vai indo pola cuneta, pero como é demasiada a auga e non se dá absorbido pasa a outras fincas que tamén quedan inundadas e incluso ten chegado á aldea da Veiga pola pista abaixo", explica Gabriel Mosteiro, outro dos veciños cunha finca afectada.

Esixen unha solución inmediata a Fomento

Con este panorama e sen trazas de que ninguén lles ofreza unha solución a curto prazo, os veciños de Alvite xa remitiron un informe pericial ao Ministerio de Fomento, e tamén ao Concello de Melide, no que explican detalladamente os danos que están a sufrir e esixen que se lles dea unha solución inmediata.

"Iniciadas as obras desta infraestrutura neste lugar, viuse alterado e modificado o descorrer das augas de escorrentía, de rego, pluviais, etc. do entorno", reza o escrito. Ademais "como consecuencia destas obras –continúa– viuse incrementado de forma exponencial e sen control algún o volume e caudal de auga que acada este lugar, e debido precisamente ao importante volume acadado, a auga buscou o seu lugar de drenaxe e derivación, neste caso por propiedades de terceiras persoas" ocasionando danos e prexuízos tanto sobre as fincas como sobre a vía pública que empregan veciños do lugar e demais habitantes do municipio.

No informe presentado, os afectados solicitan á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia "unha solución inmediata" á actual "derivación e posterior descorrer da auga" sobre as súas propiedades, e as "medidas oportunas dende o punto de vista técnico" para que a futura canalización e derivación de augas non afecte aos seus terreos.

Solicitan ademais que se lles "restaure o estado anterior que presentaban as fincas, en especial pola apertura do socavón así como acondicionar e retirar a terra e demais materiais acumulados nas fincas e inmediacións".

"A nosoutros que nos solucionen este problema que non tiñamos, porque ademais a finca de Mónica, a finca de Gabriel e a finca miña –destaca Santiago– non tocan coa autovía para nada, non somos afectados, nin expropiados nin nada, así que, que solucionen o problema que eles indirectamente crearon", demanda.

No escrito remitido tanto a Fomento como ao Concello de Melide apoiaron as reclamacións dos afectados, mediante sinaturas, máis dunha vintena de veciños da parroquia de Campos.

"Queremos solucións e non palabras, non podemos estar así porque esta situación prexudica a nosa forma de vida –apunta Mónica–, é incrible que nos tempos nos que vivimos teñamos que estar á espera dunha solución que non chega".

De non resolverse a problemática, os propietarios de terreos afectados non descartan a posibilidade de acudir ao Valedor do Pobo.

A Foliada de Melide pasa ao Concello

O goberno local toma o testemuño da asociación O Castelo, que cede todos os dereitos dun evento que se manterá no mes de abril

Despois de "establecer os contactos necesarios" coa asociación o Castelo (entidade organizadora da Foliada de Melide ata a súa renuncia o ano pasado), e acordar obter os dereitos de imaxe e marca do evento, será o goberno local de Melide o encargado de coller as rendas "como promotor desta cita coa cultura e a tradición galega" que habitualmente se celebra a última fin de semana do mes de abril. Así o deron a coñecer ao mesmo tempo a través dun comunicado nas súas redes sociais Concello e asociación.

"Parécenos a decisión máis axeitada debido á gran transcendencia que a Foliada ten na vila e en toda Galicia, tanto a nivel de divulgación da nosa cultura e de creación de lazos sociais, como tamén polo dinamismo económico que xera na vila e na comarca", apuntaron dende o Concello.

Dende a Asociación O Castelo pola súa parte, colectivo que impulsou e organizou a Foliada de Melide durante 14 anos, manifestaron que "ceden enteiramente os seus dereitos sobre o evento e a marca rexistrada "Foliada de Melide", así como a utilización e xestión de logotipos, páxina web e redes sociais a ela asociadas".

Deste xeito, a agrupación cultural "entrégalle o testemuño á Administración local e desvincúlase por completo da organización do evento –din no comunicado–, unha postura que busca ser coherente coa decisión tomada en febreiro do ano 2019, cando os integrantes da asociación comunicaron a súa renuncia irrevogable a seguir organizando a foliada".

Con todo, e ao tratarse da primeira vez, dende o colectivo indicaron que "nesta primeira edición de iniciativa municipal O Castelo estará en todo momento á disposición do Concello", e manifestaron a súa "intención de contribuír desde a experiencia, ben sexa asesorando ou colaborando de xeito puntual, a que a foliada volva ser o que sempre foi e que miles de persoas continúen achegándose cada ano a Melide para gozar da cultura tradicional".

Finalmente, dende o Concello de Melide quixeron agradecer "a disposición da Asociación O Castelo tanto na cesión como na futura colaboración, o que vai permitir a recuperación dunha das festas máis emblemáticas da nosa vila, ademais de todo o traballo realizado durante todos estes anos a prol da cultura e da tradición galega", remata o comunicado.

Un profesional resolve as dúbidas dos veciños sobre o Coronavirus

Decenas de persoas acudiron á charla impartida no centro social de Melide polo doutor Juan Gestal

A mellor maneira de combater a preocupación ante o descoñecido e ante a psicose colectiva é informarse, e a poder ser da man de expertos cualificados no tema. Iso foi o que aconteceu no centro social de Melide o pasado 3 de marzo cando o profesor emérito de medicina preventiva da Universidade de Santiago de Compostela, e académico das Reais Academias de Medicina e Farmacia de Galicia, o doutor Juan Gestal Otero se achegou ata a localidade para impartir unha charla sobre o coronavirus e trasladar, por encima de todo, unha mensaxe de tranquilidade aos veciños e veciñas.

Foi tal o interese que espertou esta charla que as instalacións do centro social da vila quedaron pequenas para acoller a todos os que se achegaron a escoitar as explicacións do doutor Gestal e a resolver as súas dúbidas.

"Se ben é certo que podemos asustarnos ante o descoñecido, non debemos perder de vista que temos un sistema sanitario moi bo, dos mellores do mundo -destacou Gestal nun primeiro momento-, non debemos de alarmarnos aínda que si debemos estar atentos, e o que hai que facer en cada momento é seguir as indicacións das autoridades sanitarias, que o que se pode facer xa o están facendo e estano facendo ben", apuntou.

O especialista sanitario tamén se referiu á chegada da primavera. "Coa chegada do mes de marzo xa temos aí a primavera e é moi posible que cos días máis largos, con máis luz, e con maior temperatura, presumiblemente a extensión deste coronavirus vaia diminuíndo e vaia pouco a pouco apagándose de cara ao verán".

Durante o encontro o doutor Gestal, que estivo acompañado polo alcalde do Concello de Melide, José Manuel Pérez; ademais dos concelleiros José María Santín e Xosé Igrexas, e a concelleira Carmen Liñeira, respondeu ás preguntas dos asistentes; fundamentalmente encamiñadas aos síntomas e a como previr o contaxio deste virus.

Sintomatoloxía e medidas de prevención

"O coronavirus é similar á gripe en canto aos mecanismos de transmisión e ás medidas de protección que debemos adoptar, pero non é como a gripe aínda que si poderiamos confundir os síntomas nun principio: fiebre, dolor muscular, fatiga, se a cousa avanza pode haber dificultade respiratoria, ata aquí o parecido coa gripe, pero unha gripe non adoita derivar nunha neumonía como está sucedendo co coronavirus", aclarou Gestal.

En canto ás medidas de prevención a adoptar, Gestal salientou a distancia, a hixiene respiratoria e a hixiene de mans como algo fundamental e lembrou que o uso de mascarillas non debe ser xeral.

"Temos que ter claro que as mascarillas non están recomendadas para uso na poboación xeral; as mascarillas utilizaranas as persoas que estean infectadas para non contaxiar a outros e as persoas que teñan outro tipo de problemas polo que teñan que usar mascarillas, pero que xa as estaban empregando antes de que xurdise esta situación do coronavirus. E en canto ás medidas de protección que debemos utilizar son as mesmas que as da gripe; medidas de hixiene respiratoria como por exemplo utilizar pañuelos desbotables, estornudar no cóbado e non nas mans, e lavar as mans habitualmente. Gardar distancias de un metro ou dous de unha persoa que poida estornudar tamén nos pode protexer".

Colectivos de risco

Outro dos aspectos que máis curiosidade espertou entre os asistentes foi a cuestión de a que colectivos pode afectar máis o COVID-19 .

A este respecto, o doutor Juan Gestal explicou que de modo xeral a infección está afectando máis a pacientes "maiores de 30 anos pero cun índice de mortaldade baixo". Ademais, os colectivos que poden presentar un maior risco son os pacientes de "idade avanzada e con patoloxías previas, e tamén se deu algún caso de persoas que sen presentar síntomas evidentes si deron positivo en coronavirus, pero foron casos moi raros", puntualizou.

Esta charla, que estivo organizada polo Concello de Melide dende a Concellería de Política Social que dirixe Carmen Liñeira, forma parte dun ciclo de conferencias informativas que comezou o pasado mes de xaneiro e que terá continuidade nos vindeiros meses "sempre co obxectivo de ofrecer unha perspectiva profesional ás dúbidas da veciñanza", apuntaron dende o Concello.

Sanidade habilita unha liña telefónica

Pola súa parte, a Consellería de Sanidade puxo a disposición da cidadanía galega o teléfono 900 400 116 para dar información xeral sobre o coronavirus. Neste número gratuíto pódense resolver todas as dúbidas que as galegas e os galegos teñan ao respecto.

Recomendacións

En calquera caso, dende o departamento sanitario galego lembraron que para persoas con sintomatoloxía (febre, tose, sensación de falta de aire) e que volvesen de zona de risco ou tivesen contacto con alguén que estivese nalgún deses lugares, recoméndase non acudir directamente ao hospital ou centro de saúde, senón contactar telefonicamente co 061.

Melloran a instalación eléctrica do centro de saúde da localidade

O Concello de Melide procedeu á mellora da instalación eléctrica existente no centro de saúde da vila "que estaba sendo un obstáculo para que os profesionais que alí traballan puidesen desenvolver as súas tarefas con normalidade", explicaron dende o goberno local.

Os traballos realizados, que supuxeron un investimento de algo máis de 4.200 euros, consistiron en melloras no cadro eléctrico.

Dende o goberno municipal apuntaron que "foi unha actuación que tivemos que acometer xa que nunha instalación como é un centro de saúde é inadmisible que non funcione ben este servizo". Sinalaron ademais que "xa houbo dúas inspeccións no anterior goberno con orde de suspender a actividade que foran ignoradas".

Así mesmo, engadiron que "a urxencia de acometer esta mellora vese tamén motivada por responsabilidade do goberno municipal de ter en óptimas condicións un edificio que día a día recibe centenares de pacientes, e onde mellorar a súa saúde é o obxectivo principal".

Ademais desta, o goberno local ten previsto ir mellorando as diversas deficiencias do actual centro de saúde de Melide.

Mentres, continúan os traballos para a construción do novo edificio que albergará todos os servizos nun mesmo complexo, e que se prevé (segundo a Axencia Galega de Infraestruturas) estea listo no mes de outubro deste mesmo ano tras aprobar o proxecto básico e de execución o pasado mes de febreiro de 2019.

Piden a Educación reunirse para tratar o servizo de comedor escolar

Por terceira vez o Concello de Melide, a través da súa Concellería de Educación, solicitou unha reunión co xefe territorial na provincia da Coruña da Consellería de Educación, Indalecio Cabana.

A insistencia da súa petición vén motiva despois de que o pasado 21 de outubro e o 26 de novembro, o goberno local intentase poñer data para unha xuntanza co responsable educativo da provincia, tamén a través de correspondencia, sen obter resposta algunha.

Segundo apuntaron dende o departamento de Educación local, "nas tres solicitudes figuran os mesmos asuntos a tratar, o servizo de comedor escolar nos centros educativos de Melide que afecta ao Colexio Nº 1 e ao IES de Melide, e a posibilidade da extensión do servizo ao resto dos centros educativos da vila".

Dita petición por parte do Concello de Melide está xustificada no aumento da demanda do servizo de comedor escolar e na necesidade de darlle unha resposta. "Son os motivos máis importantes e urxentes que non admiten máis dilación no tempo e é necesario abordalos xa", dixeron os responsables municipais que xa trataron a problemática cos directores dos centros escolares, coas Anpas e tamén coas familias.

Deste xeito, o Concello de Melide, en contacto con membros da comunidade educativa na vila, recolleu as súas inquedanzas en relación a como mellorar os servizos que se ofrecen para facilitar a conciliación laboral e familiar.

Acordo para potenciar a sostibilidade do Camiño

O alcalde de Melide, José Manuel Pérez, asinou un acordo coa Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia para potenciar a sostibilidade do Camiño de Santiago de cara ao próximo Xacobeo que se inicia en 2021.

Xunto ao Concello de Melide asinaron este acordo outros 10 municipios que forman parte do Camiño Francés para avanzar na mellora paisaxística e dinamización desta ruta, que concentra seis de cada dez peregrinos, e no que se investirá máis de un millón de euros.

No acto estivo presente tamén José Antonio García Jurjo, o presidente da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, a entidade que aglutina aos municipios de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela.

Entre as accións que se levarán a cabo figuran iniciativas de mellora paisaxística e embelecemento de recursos situados neste itinerario, accións de valorización, consolidación ou restauración de bens que integran o patrimonio etnográfico e, ademais, traballarase na supresión de elementos en desuso ou abandonados.

Este acordo tamén permitirá desenvolver actividades culturais e turísticas que favorezan a promoción do Xacobeo 2021, así como a contratación dun técnico que traballe na uniformación das ordenanzas locais que regulan asuntos como a venda ambulante, o embelecemento ou a sinalización ao longo do Camiño.

O PP denuncia danos no cantón de San Roque



Unha mostra dos "desperfectos" que critica o PP (PPM)

O Partido Popular de Melide criticou a "deixadez" que o goberno local está tendo ao seu parecer sobre espazos como o cantón de San Roque. Segundo din, "o que antes era criticado agora é permitido e incluso incentivado polo bipartito que fica impasible ante o destrozo progresivo dunha praza que fai apenas un ano foi restaurada".

Dalia García, voceira do PP, quéixase de que "a reforma do Cantón, amplamente denostada polo goberno bipartito de Prado e Pérez durante as eleccións é agora o escenario de todo acto municipal cultural".

"Camións, estruturas metálicas de gran tonelaxe, furgonetas de diversa índole enriba do corazón da praza sen ningún control municipal, mentres ao carón o parque infantil permanece aberto con nenos e nenas xogando con liberdade –di García, e engade–, a deixadez chega ata tal punto que a pedra de cantería coa que está revestida agora o Cantón encóntrase nun nivel de suciedade difícil de superar pasados tan poucos meses dende a apertura do recinto froito de realizar actividades que deberían estar prohibidas no centro dunha vila".

Dende o Partido Popular tamén preguntaron ao goberno local polas árbores que foron cortadas no cantón, "sen obter resposta".

Curso para o coidado de dependentes o día 26

O edificio multiusos de Melide acollerá o vindeiro xoves, 26 de marzo, un curso de Mobilización e coidados de persoas dependentes que terá lugar en horario de 16 a 20 horas.

Entre os obxectivos desta formación figuran os de dotar de habilidades aos coidadores de maiores e mobilización, cambios e hixiene postural, e crear un foro onde os coidadores e profesionais sanitarios poidan intercambiar experiencias sobre coidados e saúde.

Será Olga Roca Bergantiño, enfermeira da área sanitaria de Lugo, a persoa encargada de impartir a formación en Melide, que está dirixida a pacientes, familiares, coidadores de persoas dependentes e á cidadanía en xeral.

As persoas interesadas en participar nesta actividade, que non se considera formación continua para o persoal do Servizo Galego de Saúde, deberán poñerse en contacto co departamento de Orientación Laboral do Concello de Melide chamando ao 981 50 50 03.

FOTODENUNCIA

Unha lectora remítenos esta 'fotodenuncia' en Melide.

Trátase dun caseto de obras instalado encima da beirarrúa, impedindo o paso aos peóns, e ademais obstaculizando un sinal de Stop correspondente ao cruce.

Aseguran os que pasan polas inmediacións a diario, que "o caseto leva anos alí instalado, ocupando a beirarrúa e sen que se fagan obras". Está situado na rúa Ben Cho Sei esquina con rúa Folicheiro.

Aparatoso accidente ao atropelar un cabalo que escapou dunha finca



Fotos: Garda Civil

A Garda Civil informou do accidente sufrido na N-547 en Melide, o martes día 10 de marzo á noitiña, cando un cabalo que escapou dunha finca acabou colidindo contra un vehículo no que viaxaban dous veciños de Lugo, unha nai de 56 anos e o seu fillo –o condutor– de 32.

"Afortunadamente, o condutor saíu ileso e a súa nai ferida leve, que xa foi dada de alta", apuntaron dende o Instituto Armado. O equino pola súa parte, "non tivo tanta sorte pois ao chocar contra o parabrisas decapitouse, chegando a cabeza do animal ata o asento traseiro do vehículo", indicaron fontes da Garda Civil.

Ata o lugar do accidente acudiu un equipo de Atestados de Tráfico de A Coruña.

Dende o corpo de seguridade tamén indicaron que o animal posuía "o seu correspondente seguro e toda a documentación en regra".

Poemas e unha obra de teatro para celebrar o día de Rosalía de Castro

Melide celebrou un ano máis o Día de Rosalía de Castro sacando os versos da autora galega ás rúas da vila.

Así, numerosos balcóns da zona antiga da localidade luciron pancartas con fragmentos célebres da escritora.

Concretamente, foron poemas recollidos da súa obra Follas Novas e de Cantares Gallegos os que penduraron de diferentes fachadas dentro da zona histórica de Melide.

O cartel principal estivo colgado da fachada da Casa Consistorial onde, durante varios días, recibiu a todos os que se achegaron ata a praza do Convento.

Obra de teatro

Por outra banda, tamén os cativos e cativas dos tres colexios da vila puideron gozar na Casa da Cultura de Melide coa representación de "Rosalía, o lugar onde nacen as poetas"; unha obra de Fina Calleja.

A función á que asistiron os escolares foi "moito máis que un achegamento teatral á vida e obra de Rosalía de Castro, foi un espectáculo necesario", destacaron dende o Concello. Nesta montaxe, "os nenos e nenas descubriron en Rosalía a unha rapaza alegre, forte e curiosa como eles, que vive, xoga e goza no país da infancia".

O Partido Popular solicita a Fomento un informe sobre o cambio da parada de taxis

O Partido Popular de Melide solicitou ao Ministerio de Fomento, concretamente á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, "un informe que ao parecer manexa o Concello para privar aos taxistas de localizar a parada no sentido da N-547", explicou a súa voceira, Dalia García.

A solicitude veu motivada pola "preocupación" que lles trasladou o colectivo, aseguraron dende o PP.

"A actuación do goberno é de todo incongruente, pois, da mesma maneira que din que dependen de Fomento para localizar a parada onde queren os taxistas tamén necesitarían o da Xunta con respecto á estrada AC-840, de titularidade autonómica, informe que nós saibamos, non existe", engade a popular.

Ademais, dende o PP local non dubidaron en cualificar a situación da parada de taxis como "insostible" xa que "os domingos o paso para unha ambulancia cos postos ambulantes entorpecendo o paso é unha temeridade; por outra parte, a visibilidade da parada e a información dada dende o Concello é nula", din.

XV Campionato de pesca cebo artificial o 4 de abril

A Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide celebrará o vindeiro sábado 4 de abril o seu XV Campionato de pesca da Terra de Melide.

Como de costume, as persoas interesadas en participar deberán anotarse e para facelo teñen de prazo ata o xoves día 2 de abril ás 20.00 horas. Poderán facelo ben por teléfono (696 607 348) ou por correo electrónico (asociaciontroiteiros@gmail.com). A cota de inscrición é de 20 euros con xantar incluído.

O sorteo dos treitos celebrarase o día 2 de abril ás 21.30 horas no Bar Xaneiro de Melide.

Ao remate do campionato celebrarase un xantar de confraternidade e tamén a tradicional entrega de premios.

Dende o colectivo de pescadores animan a participar nesta xornada deportiva e tamén de lecer.

SUBVENCIÓNS DE INTERESE

SUBVENCIÓNS PARA A **INNOVACIÓN, A DIXITALIZACIÓN E A IMPLANTACIÓN DE NOVAS FÓRMULAS DE COMERCIALIZACIÓN E EXPANSIÓN DO SECTOR COMERCIAL E ARTESANAL**, ANO 2020
(DOG 36, DO 21/02/2020)

Beneficiarios:
1.- COMERCIANTES RETALLISTAS, dados de alta nalgún IAE relacionado nas bases reguladoras da axuda, con local menor de 300 m2 de superficie de exposición e venda (excepto IAE 653.1).
2.- OBRADOIROS ARTESÁNS, inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Actuacións subvencionables:
1.- DIXITALIZACIÓN COMERCIAL: Implantación e mellora de páxinas web; ferramentas de marketing 4.0; mellora da imaxe dixital; xestión de redes sociais; software de xestión.
2.- MODERNIZACIÓN INTEGRAL DO COMERCIO, incluídos nun proxecto de decoración e interiorismo (só para comerciantes retallistas): reforma e acondicionamento da superficie de exposición e venda; moblaxe e equipamento; mellora da fachada exterior, toldos, carteis, letreiros e similares; actuacións conxuntas de 3 ou máis establecementos contiguos para homoxeneizar imaxe exterior; e proxecto.
3.- EXPANSIÓN COMERCIAL, incluídos nun proxecto de decoración e interiorismo (só para comerciantes retallistas): reforma e acondicionamento da superficie de exposición e venda; moblaxe e equipamento; mellora da fachada exterior, toldos, carteis, letreiros e similares; e proxecto.
4.- TENDAS EFÉMERAS OU POP UP: aluguer do local ou espazo, acondicionamento, adquisición ou alugamento de moblaxe, transporte da mercadoría e publicidade.
5.- CONCEPT STORES, con proxecto de decoración e interiorismo: reforma e acondicionamento da superficie de exposición e venda; moblaxe e equipamento; mellora da fachada exterior, toldos, carteis, letreiros e similares; e proxecto de interiorismo.
6.- ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PROPIOS DA ACTIVIDADE COMERCIAL E ARTESANAL

Prazo de solicitude: Ata o 23/03/2020

INFORMACIÓN ELABORADA POR CCXESTIÓN - Tlfn.: 881 973 307

Veciños e expertos abordaron en Santiso o presente e o futuro da PAC

O novo centro cultural de Visantoña acolleu a primeira das charlas do ciclo Santiso Escoita, destinada nesta ocasión a debater sobre o presente e o futuro da Política Agraria Común (PAC).

O acto, ao que asistiron decenas de veciños, contou coa presenza "dos dous secretarios xerais dos sindicatos maioritarios no rural galego, algo inédito na comarca" sinalaron dende o Concello.

Xunto a Roberto García (Unións Agrarias) e Isabel Vilalba (Sindicato Labrego Galego), estiveron o subdirector xeral de xestión da PAC do Fondo Galego de Garantía Agraria da Xunta, Jorge Piñeiro; e o deputado e voceiro de Agricultura do PSdeG-PSOE, Óscar Vilar.

Durante algo máis de dúas horas abordaron cuestións relacionadas co campo e coa PAC.

Satisfeitos co resultado desta primeira charla, dende o Concello cualificaron a iniciativa como "unha ferramenta moi útil para informar aos nosos veciños, os cales participaron facendo as súas preguntas e anotando as cuestións máis importantes e que lles afectan á hora de solicitar estas axudas".

Novo coloquio o venres 13

Mantendo o formato, e coa constancia de que hai "interese de invitados de todo Galicia por asistir", o Concello de Santiso xa ten deseñada a próxima charla para o venres día 13 de marzo.

Nesta ocasión versará sobre as axudas polos danos ocasionados polos lobos e xabarís nas colleitas e os relatores serán Belén do Campo, directora xeral de Patrimonio Natural da Xunta; Xosé Luis Rivas (Mini), deputado do BNG no Parlamento galego; Santi Rodríguez Cid, membro do SLG; Antón Sánchez, deputado do Grupo Común da Esquerda no Parlamento; e Gonzalo Trenor, deputado no Parlamento do PPdeG.

O debate comezará tamén ás 22.00 horas no centro cultural de Visantoña. A este respecto, dende o consistorio engadiron que "serán moi importantes as cuestións técnicas e os consellos que os invitados lles darán aos asistentes para poder acceder a estas axudas".

Dende o Concello de Santiso destacaron que o obxectivo é manter o ciclo de charlas ao longo de todo o ano con temas de interese xeral para os veciños. "Tendo en conta que somos un municipio rural, seguramente a maior parte dos temas que tratemos teñan que ver co rural, pero tamén poderá haber outras cuestións de interese xeral", apuntaron.

Investigan a un condutor que provocou un accidente en Sobrado

O equipo de Atestados do Subsector da Agrupación de Tráfico da Garda Civil da Coruña investigou a un condutor, veciño de Vilalba (Lugo), como presunto autor de catro delitos contra a seguridade viaria despois de provocar un accidente no municipio de Sobrado e abandonar o lugar.

Os feitos ocorreron no quilómetro 16,300 da estrada DP-4604 en Sobrado dos Monxes, ao invadir o carril contrario un camión colidindo contra un vehículo que circulaba correctamente en sentido contrario, resultando o condutor do automóbil ferido grave, xa que foi preciso trasladalo en ambulancia ao CHUS.

"O condutor do camión ausentouse do lugar do accidente, non respectando a obriga de pararse, auxiliar aos ocupantes do outro vehículo e demais obrigas que impón o artigo 129 do Código Xeral de Circulación", informaron dende o Instituto Armado.

Tralo acontecido, a Garda Civil investigou os feitos para tratar de localizar e identificar ao condutor do camión e localizar o vehículo causante dos mesmos.

No transcurso da investigación os axentes lograron localizar a ambos e procederon a someter ao mencionado condutor á proba de detección de consumo de bebidas alcohólicas, na que deu positivo.

Ante iso, a Benemérita investigou a esta persoa como presunto autor de catro delitos: condución temeraria, lesións por imprudencia grave, condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas e abandono do lugar do accidente sendo responsable do mesmo.

Atletas das catro provincias participaron en Toques na II Subida a San Cidre

O pasado 1 de marzo tivo lugar en Toques a segunda edición da carreira "Subida a San Cidre" - Xacodesafío 2020 onde os participantes tiveron que enfrontarse a "13 desafiantes quilómetros no percorrido das categorías de adultos".

Finalmente o bo tempo acompañou e a dureza do percorrido "ficou nas esixentes subidas, baixadas técnicas e camiños enlamados que fan que esta carreira acade connotacións de trail de montaña", indicaron dende o Concello.

Na proba participaron atletas das catro provincias galegas e, especialmente, da comarca. Así por exemplo, achegáronse corredores afeccionados e federados dende os municipios de Toques, Melide, Antas de Ulla, Boimorto, Friol, Palas de Rei ou Agolada.

Hai que salientar que tanto os gañadores, atletas do Club de atletismo Cerne de Melide; como o resto de participantes remataron a carreira "con eficiencia e agradecendo a compañía dos voluntarios e espectadores, e a boa organización en canto a percorrido, sinalización, agasallos, premios e trofeos".

En canto á categoría dos pequenos, houbo máis de 60 menores de idade que participaron nas tres carreiras de distancia curta, axeitadas a cada tramo de idade. "Moita expectación nestas carreiras, dúas das cales reuniron a máis de vinte participantes e con percorridos de especial dificultade, xa que nesta edición as carreiras de nenos tamén transcorreron nun tramo polo monte. Mención especial ao Club de Atletismo de Friol que se achegaron en masa ata Toques con participantes en todas as categorías e por segundo ano con moita representación nos podios das categorías de nenos", destacaron dende o departamento de Deportes do Concello de Toques.

Igualmente, dende o Servizo de Deportes quixeron amosar a súa "satisfacción por lograr un ambiente agradable, deportivo e saudable durante a xornada" e agradeceron "a colaboración desinteresada dos voluntarios e compañeiros da administración". "Desde agora, seguirase traballando para que esta carreira siga formando parte do calendario de carreiras populares, e mellorando cada ano", engadiron.

A Xunta licita melloras en varias estradas da comarca

A Xunta licitou actuacións de mellora do firme en varias estradas autonómicas na comarca da Terra de Melide, que xunto ás de Arzúa e Betanzos suman un investimento de máis de 1,1 millóns de euros.

As empresas interesadas na execución deste contrato poderán presentar as súas ofertas ata o vindeiro día 16 de marzo. Os traballos teñen por obxecto a mellora das condicións de circulación nas estradas AC-231 e AC-840, ao seu paso polos concellos de Sobrado, Curtis, Vilasantar e Boimorto entre outros.

A actuación permitirá rehabilitar a capa de rodadura, a limpeza de cunetas e a reposición da sinalización horizontal e vertical.

Santiso promove as vantaxes de estudar no rural co fin de aumentar a matrícula no colexio

Ata o día 20 de marzo está aberto o prazo de admisión nos centros escolares para o vindeiro curso 2020-2021, e dende o CEIP Arcediago de Santiso están a desenvolver unha intensa campaña de promoción do seu colexio e, sobre todo, do ensino no rural.

"O que pretendemos é potenciar por todos os medios que se eleve o número de matrículas, porque é a problemática fundamental que temos todos os colexios do rural", sinalou Sara Mato, concelleira de Promoción Económica do Concello de Santiso.

A medida máis efectiva de momento está a ser a de dar a coñecer o centro, as súas actividades e as vantaxes de estudar no rural, pois tal e como apuntou a concelleira, "un colexio do rural non ten nada que envexar a un colexio dunha gran cidade; de feito en Santiso somos uns privilexiados os que podemos levar os nenos ao colexio de aquí".

Mato fundamentou eses privilexios en primeiro lugar na calidade do ensino, "porque as aulas teñen un número reducido de alumnos e iso fai que o profesor teña tempo suficiente para dedicarllo en conciencia a cada neno e así acadar un nivel académico moi bo"; e en segundo lugar, na intensa actividade que se desenvolve no centro. "O CEIP de Arcediago é un colexio moi activo, vivo, que fai moitísimas actividades, que ten a súa horta onde os nenos colaboran, e ademais é un colexio familiar, cunha cadro de profesorado estable", engadiu.

Xunto á promoción do colexio en diferentes medios de comunicación, o Concello tamén elaborou un tríptico informativo que recolle as razóns polas que escolarizar aos pequenos nun colexio do rural. "Por poñerche só un exemplo, entre as actividades que se van desenvolver no centro temos robótica, de feito, o colexio xa comprou todo o material para que os nenos de infantil, primeiro e segundo empecen a dar esta materia; e seguramente unha actividade así nun centro onde haxa un maior número de rapaces sería inviable".

Concello, ANPA, profesorado e veciños están implicados na difusión e promoción do seu colexio "porque queremos que siga vivo, e todos sabemos o que pasa cando o alumando empeza a baixar", lembrou a concelleira.

No CEIP de Arcediago estudan actualmente 45 nenos; "a nosa esperanza –di Mato– é que se matriculen dous nenos máis". Agora mesmo hai nenos dende infantil ata alumnado de 6º de Primaria. Pola súa parte, as clases están distribuídas en infantil todo xunto (de 3 a 5 anos) e unha aula para 1º e 2º de Primaria, outra aula para 3º e 4º, e outra para 5º e 6º.

Con esta distribución, os nenos que están con alumnos dun curso superior absorben aprendizaxes do que será o seu seguinte curso, mentres que os maiores axudan aos pequenos. A día de hoxe o curso máis numeroso é o grupo de 5º e 6º con 13 alumnos; e infantil con 13 tamén.

Máis persoal para a Escola Infantil de Sobrado

A Xunta de Galicia, a través do xerente do Consorcio Galego de Benestar, anunciou a ampliación do cadro de persoal da Escola Infantil de Sobrado coa incorporación dunha "persoa de servizos xerais, que reforzará o traballo do persoal actual".

Foi durante a visita que realizou o xerente do Consorcio, Perfecto Rodríguez, ao centro de Sobrado, onde tamén comunicou que "a partir do próximo curso ampliarase o horario ata as 17.00 h e implementarase o servizo de comedor; cambios que serán posibles en función da demanda das familias".

O número actual de inscritos na Escola Infantil de Sobrado é de 14 nenos e nenas.

Deputación e Concello de Sobrado analizan a ampliación da estrada DP-8001

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o alcalde de Sobrado, Lisardo Santos, mantiveron un encontro para falar sobre a mellora da seguridade viaria na estrada DP-8001 de Cruces a Penablanca; unha vía moi transitada ao conectar diversos núcleos do municipio.

Na actualidade, a segunda fase de mellora desta estrada provincial está á espera de contar cos permisos de Patrimonio. A reforma contaría cun investimento de 544.614 euros.

Esta acción daría continuidade ás xa realizadas sobre os 3 primeiros quilómetros da vía, que viu ampliada a súa anchura de 4,5 a 7,5 metros, chegando aos 8 nalgúns puntos. Unha vez que as obras conten cos permisos necesarios, os traballos ampliarán a vía noutro tramo de aproximadamente 5 km.

Na reunión o alcalde de Sobrado tamén solicitou posibles vías de colaboración co Museo Bea Rey.

Febreiro deixa 4 persoas máis desempregadas

Seguindo a liña dos últimos meses o paro na comarca volveu a sufrir un lixeiro aumento ao remate do mes de febreiro. Así, na Terra de Melide hai 4 persoas desempregadas máis con respecto ao mes de xaneiro, e en total 590 parados en toda a comarca.

Por sectores, o peor resultado continúa sendo para o sector servizos, cun total de 360 persoas desempregadas, seguido polo sector da construción con 76 persoas sen emprego. En industria a cifra de parados é de 69 persoas, mentres que en agricultura e gandaría é de 43. As 42 persoas restantes xa figuraban sen emprego anteriormente.

En canto a idades, os parados de menos de 25 anos acadan a cifra de 27 persoas (das cales 11 son homes e 16 mulleres), mentres que as persoas sen emprego maiores de 25 anos suman en total 563; delas, 267 son homes e 296 son mulleres.

CONCELLO	Parados ao remate de febreiro (2020)	Parados ao remate de xaneiro (2020)	VARIACIÓN
MELIDE	410	400	10
SANTISO	73	80	-7
SOBRADO	60	54	6
TOQUES	47	52	-5
Total	**590**	**586**	**4**

Medio Ambiente estudará a viabilidade dun polígono industrial en Santiso

X.G.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda estudará a viabilidade de desenvolver unha nova área industrial no concello de Santiso, a sabendas de que "o órgano encargado de emitir o informe sobre a idoneidade de calquera posible novo equipamento industrial é o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)", tal e como lle trasladou a propia conselleira, Ánxeles Vázquez, no transcurso dunha reunión ao alcalde de Santiso, Manuel Adán.

Con todo, a conselleira de Medio Ambiente animou ao rexedor local a presentar "un estudo de viabilidade que avale e xustifique a necesidade de desenvolver a devandita área empresarial e no que se concrete tamén a súa futura localización"; estudo que Manuel Adán se comprometeu a realizar segundo informaron dende a administración autonómica.

En dia reunión, o alcalde de Santiso tamén puxo de manifesto que o Goberno local xa mantivo contactos con varias empresas interesadas, non só de Santiso senón tamén de concellos limítrofes.

“Este ano queremos enfocarnos na promoción turística do xeodestino, que é algo polo que se está apostando”

Unha guía editada polo GDR Ulla Tambre Mandeo achéganos os segredos naturais e etnográficos da comarca

Presentación da guía por parte da xunta directiva do GDR, e un dos exemplares

Coñecer o noso territorio require de tempo, e coñecelo en profundidade de tempo e tamén dalgunha que outra ferramenta que nos axude a entendelo, por iso todo aquel que teña a oportunidade de gozar da nosa contorna e desexe saber un pouco máis sobre ela ten ao seu alcance dende hai unhas semanas a “Guía de flora e fauna, usos e tradicións *Debuxando ribeiras nas terras do Ulla, Tambre e Mandeo*”.

“A guía nace un pouco da necesidade de coñecer o que temos no noso entorno”, explicou María Fernández, xerente do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo, entidade encargada da súa edición; “e para coñecelo abrangue o que e é a flora, a fauna e os usos e tradicións, porque hai que ter en conta que tamén fomos polos pobos entrevistándonos con persoas maiores, e non tan maiores, para ver que usos lles daban a estas especies, sobre todo ás vexetais”.

Trátase así dunha completa e elaborada guía que persegue a finalidade de “dar a coñecer o patrimonio natural, etnográfico e cultural do territorio”; ou o que é o mesmo, “facilitar a identificación e observación en campo” e “coñecer os costumes, curiosidades e rol que desempeñan no ecosistema as especies máis abondosas e comúns ás beiras dos ríos galegos; así como aquelas especies endémicas da ribeira dos ríos Mandeo, Tambre e Ulla ao seu paso polos concellos de Arzúa, Boimorto, O Pino, Melide, Toques, Touro, Santiso, Sobrado dos Monxes e Vilasantar”.

O exemplar, do que se editaron unhas 3.000 unidades, foi presentado pola xunta directiva do GDR e está a ser distribuído nos diferentes Concellos, asociacións e centros educativos entre outras entidades.

“Só para buscar a Santolina Melidense tivemos que esperar a que chegase o mes no que florece, e despois aínda fomos polo Careón bucándoa. Non vexas o que nos custou atopala”

Un traballo afanoso

Para coñecer a realidade, o estudo da zona comezou hai xa tres anos cun traballo moi laborioso. “Imaxina se foi laborioso –destacou a xerente do GDR– que só para buscar a Santolina Melidense tivemos que esperar a que chegase o mes no que florece, porque é unha flor que desaparece, e despois aínda fomos polo Careón buscándoa, e non vexas o que nos custou atopala. Logo Tamara por exemplo, –unha das autoras da guía– tamén foi por todos os concellos facendo reunións con menciñeiros e persoas que sabían dos usos das plantas como remedios naturais, visitou todos os enclaves principais dos municipios como pode ser a lagoa de Sobrado, o Careón, o Ulla, o Tambre... e todo iso antes de poñerse a escribir, así que si, investimos moito tempo e traballo na súa elaboración”.

Nestes senso, dende a xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural destacaron que se trata dun traballo “pioneiro e orixinal, cun alto grao de innovación, que ten tamén como obxectivo contribuír ao coñecemento e protección dos ecosistemas que describe, fomentando o respecto pola natureza e a biodiversidade”.

Neste proxecto de investigación e recompilación traballou “un grupo multidisciplinar de persoas do ámbito académico e ambiental, que tamén contou coa participación dun gran número de persoas da zona que coñecen o entorno e as tradicións”.

Destacan así por exemplo as explicacións de “Abade de Anunqueira”, un veciño de Sobrado con grandes coñecementos en remedios naturais, e que tal e como se recolle na guía trataba “roturas de patas ou esguinces de gando vacún utilizando a “bisma”, un entalle de madeira de salgueiro disposto ao redor do membro afectado”; ou tamén o uso tradicional que se fai do fento real para as inflamacións, “moi estendido na zona dos ríos Ulla e Furelos”.

Ademais, a obra pon en valor especies protexidas como a Santolina Melidense, única na zona do Careón, Rede Natura; ou as aves e algas que se atopan en espazos como a lagoa de Sobrado, Reserva da Biosfera.

Tamara Isabel, unha das autoras da guía, destacou que “estes municipios posúen un patrimonio histórico, cultural e natural dos máis ricos da comunidade, o que representa unha oportunidade clara para a aprendizaxe e a experimentación”.

Pola súa banda, Daniel Monteagudo, educador ambiental e encargado de presentar a guía en espazos naturais (simultaneamente á observación dos ecosistemas) apuntou que “é unha guía moi útil para coñecer a fauna, flora e os lugares con máis interese natural do GDR; con ela pódese identificar as especies que observas en calquera paseo á beira dun río ou facendo unha ruta, coñecer as súas curiosidades e os seus usos tradicionais”.

Promoción dos recursos para revitalizar o rural

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo é unha agrupación sen ánimo de lucro composta por outras asociacións e onde están representadas aproximadamente 80 entidades: 9 públicas (que son os Concellos de Melide, Santiso, Toques, Sobrado, Arzúa, Touro, O Pino, Boimorto e Vilasantar), e diferentes cooperativas, SATs e asociacións tamén sen ánimo de lucro. “Cada cinco anos fanse eleccións e sae unha xunta directiva de 21 persoas, e entre esas 21 tómanse as decisións máis estratéxicas”, explicou a xerente do GDR. Asetem-CCA formou parte da entidade ata o ano 2019.

Entre algúns dos proxectos máis destacados que foron subvencionados por parte do GDR, María Fernández lembrou “o dun rapaz que veu de Pontevedra e desenvolveu unha pensión albergue en Sobrado, ademais de ter unha produción de shiitake, e para esa produción saca os troncos do propio bosque onde está a casa; é dicir, é un proxecto que cumpre cos requisitos de utilizar os recursos que ten a man, diversificar e ademais ser unha persoa moza que vén de fóra para asentarse aquí, que finalmente é o que buscamos no GDR”.

Durante os vindeiros meses, dende o GDR teñen previsto seguir co traballo de difusión do patrimonio natural. “Este ano queremos enfocarnos na promoción turística do xeodestino –resaltou María Fernández–, que é algo polo que se está apostando, e que para nós é moi importante porque temos o Camiño de Santiago con milleiros de turistas que pasan por aquí, pero que non saben moi ben onde están nin por onde pasan, e queremos que coñezan o territorio e sobre todo que volvan”.

Numerosos actos en toda a comarca para conmemorar o Día da Muller

Co obxectivo de reivindicar o 8M foron varios os actos celebrados por toda a comarca. Así por exemplo, o Concello de Melide puxo en marcha un concurso de deseño pola igualdade dirixido ao alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria dos tres colexios da vila.

Cada participante ten que presentar un deseño con temática exclusiva de igualdade de xénero e a perspectiva que teñen os nenos e nenas sobre ela. O deseño gañador será empregado polo Concello de Melide para estampar bolsas de tea que serán repartidas despois nos colexios. A recollida de deseños realizarase o 30 de marzo e a biblioteca Xosé Vázquez Pintor realizará unha exposición con todos eles durante o mes de abril. Será o 24 dese mes, cando se coñeza o gañador, mentres que a entrega de premios terá lugar a semana do 18 de maio.

Tamén a radio municipal de Melide acolleu unha programación especial para celebrar o 8M, mentres que os

Xuntanza de mulleres rurais organizada por Alecrín (Foto: T.M.)

alumnos do IES Melide traballaron os estereotipos e prexuízos sexistas no ámbito literario e artístico a través dun xogo.

Mulleres Rurais

Pola súa parte, máis de 600 persoas asistiron o domingo 8 de marzo á II Xuntanza Anual de Mulleres Rurais organizada pola asociación de mulleres rurais da comarca, Alecrín. A celebración estivo marcada por un xantar de confraternidade ameno, seguido dunha entrega de premios a diversas asociacións de mulleres rurais, para rematar con música e baile a cargo do Trío Son Remolino.

Actos tamén nos Concellos da comarca

En Santiso celebraron o Día da Muller cun acto aberto a todos os veciños no colexio de Arcediago baixo o título "Contamos en Igualdade".

En Sobrado, dende o día 7 e ata o 14 de marzo desenvólvese no edificio de Usos Múltiples un curso de control do estrés; e os días 18 e 25 de marzo, en horario de 9 a 14 horas terá lugar un curso de iniciación aos primeiros auxilios. Será tamén no edificio de Usos Múltiples. As inscricións poden facerse no Concello ou chamando ao 981 787 508.

Santiso premiará a colaboración dos veciños a través dun concurso

O Concello de Santiso vén de poñer en marcha o concurso Aldeas Vivas para premiar a colaboración dos veciños.

Segundo explicaron dende o goberno local, "levamos moito tempo querendo darlle un premio aos veciños e que mellor maneira de facelo que recoñecendo o seu traballo; de feito xa o ano pasado varias aldeas colaboraron intensamente co Concello, nós facilitándolle o material e eles arranxando a zona". Foi o caso dos veciños de Liñares, co campo da festa, ou de San Benito, co lavadoiro.

Agora, con este concurso búscase "recompensar ese traballo".

Dinámica

A iniciativa está dirixida unicamente aos veciños do municipio, e o obxectivo é que "un mínimo de tres e un máximo de dez de diferentes núcleos de poboación, poidan agruparse coa finalidade de levar a cabo, de forma voluntaria e gratuíta, accións de todo tipo: obras consistentes na limpeza, mellora, equipamentos, ornamentacións ou recuperación dos paraxes públicos, urbanos e ou rurais".

Pola súa parte, o Concello porá a disposición dos participantes os materiais precisos para o desenvolvemento das actuacións a realizar.

Prazos

O prazo para presentar as solicitudes remata o día 30 de setembro e as obras terán que estar rematadas e certificadas polo equipo técnico antes do 31 de decembro do ano en curso.

Previsiblemente, os traballos serán valorados durante o mes de xaneiro do ano seguinte á certificación de fin de obra, mentres que o resultado do concurso e a entrega de premios terá lugar o día no que o Concello de Santiso celebre o Entroido.

Dende o Concello animan a todos os veciños a participar, sabedores de que "xa hai dúas aldeas que amosaron o seu interese no concurso".

O TOBO DO LOBO
COCIÑA E ESTADÍA

Rúa Luís Seoane, 8 (15800 · Melide)
Teléfono: 981 50 77 73

"COCIÑA con CORAZÓN"

casa alongos

Á parte da carta habitual temos:

Cocido todos os domingos
Menú todos os días

- Tamén admitimos reservas
- Presupostos para grupos
- Configuración personalizada do teu menú
- Chámanos ou tamén por enderezo electrónico

Camiño Vello de Santiago (MELIDE)
www.casaalongos.com / info@casaalongos.com
Tfno.: 981 506 392 · Móbiles.: 619 229 334 / 686 312 851

Clínica dental
Ana Marcos

MATERIALES DE CONSTRUCCION

Ramón Pampín Bango, s.l.

Ampla gama de materiais, tanto de construción como de decoración

Ronda de Pontevedra, 105, Baixo
(Melide)
Tlfn.: 981 507 526

Rúa Nova, 35
(Arzúa)
Tlfn.: 981 50 03 53

CONCURSO FOTOGRÁFICO
Especial Día do Pai 2020
«O meu
Papá
merece o
mundo»
Do 13 ao 19 de marzo sube unha fotografía as túas redes sociais co hashtag #omeupapamereceomundo e gaña "suculentos" premios...
CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM
Concello de Melide
XUNTA DE GALICIA

Os trasnos da muiñeira, primeiro premio no Entroido de Melide

Coa lectura do pregón e a queima do meco por parte da Asociación Curuxás –coa colaboración da Asociación Cultural e Veciñal Melidá, o Concello de Melide e o grupo de Gaiteiros do País–, o Entroido en Melide puxo o punto e final a unha programación repleta de actividades para todos os públicos durante catro días.

Foi na praza das Coles, como é tradición, onde se procedeu á queima do meco e á lectura das coplas de Manolo Parrado e Amiguete.

Pola súa banda, o desfile de Entroido que organiza o Concello todos os anos gozou de bo tempo, o que permitiu que se celebrase o pasarrúas entre o traxecto que une o cantón de San Roque e o pazo de congresos, onde se organizou o concurso de disfraces.

Nestes senso, o primeiro premio do concurso de disfraces na categoría de parellas e individual (dotado con 150 euros) foi para "Mamá erizo e os seus fillos traviesos"; mentres que o segundo premio (de 100 euros) foi para "O tanque ecolóxico".

Arriba, 1º Premio na categoría de Comparsas con *Os Trasnos da Muiñeira*. Á esquerda, 1º Premio na categoría de Grupos con *O bicho lambón róuballe o ovo ao falcón*. E á dereita, 1º Premio na categoría de Individuais e Parellas con *Mamá erizo e os seus fillos traviesos* **(Fotos: CM)**

Na categoría de grupos, o primeiro premio (de 400 euros) foi para "O bicho lambón róuballe o ovo ao falcón"; e o segundo premio (300 euros) para "O Tanqueto".

No correspondente ás comparsas, o primeiro premio (dotado con 1.000 euros) foi para "Os trasnos da muiñeira", procedentes de Ordes; mentres que o segundo, cun aporte económico de 700 euros, foi para "Damas e cabaleiros do tetrabrick".

É preciso salientar que esta foi a principal novidade, xa que despois de catro anos consecutivos a comparsa da Anpa do colexio Mestre Pastor Barral non se alzou co primeiro premio. Se na edición de 2016 lograron a vitoria recreando un circo italiano, en 2017 cunha colorida comunidade hippie, en 2018 coa posta en escena da Feira de Abril e en 2019 coa recreación das festas na Honra a Nosa Señora da Anpa, este ano quedaban sen premio ao alzarse con el a comparsa ordense.

Non obstante, dende o xurado resaltaron a actuación da ANPA do CEIP Mestre Pastor Barral, coa comparsa "Os contos de... ANPA landia", que unha edición máis volveu a sorprender pola cantidade de integrantes, un total de 130.

Tamén resaltaron a participación da comparsa dos usuarios e usuarias con capacidades diferentes de Melide, que se disfrazaron dos "Pallasos da tele" cunha vistosa e animada coreografía sobre o escenario.

En total, repartíronse 2.650 euros en premios e houbo participantes que se achegaron dende Fene, Mondoñedo, Ordes, Touro, O Pino e, por suposto, dende a comarca da Terra de Melide.

Antroido Curuxás co Meco e a súa queima na praza das Coles (Turismo Melide)

Entroido en Santiso e Visantoña (Concello de Santiso)

Entroido en Sobrado (Concello de Sobrado)

Entroido en Toques (Concello de Toques)

“Nas escolas temos a obriga de pararnos a ver o tradicional, o labor de movelo, traballalo e defendelo”

Un obradoiro de repostaría tradiconal promove os doces típicos de Melide entre o alumnado de As Neves

Alumnos e profesores que participaron no obradoiro de A Cancela impartido por Alberto Rodríguez, e elaboración dos doces típicos

Na boa promoción dun produto, ademais de na calidade, radica moitas veces o éxito do mesmo, de aí a importancia da súa difusión. E precisamente iso, difundir e promover, é o que xa están facendo dende o Concello de Melide e a Asociación da Repostaría Tradicional ‘Melide Terra Doce’ de cara á vindeira edición da Festa do Melindre que, como vén sendo habitual, terá lugar a segunda fin de semana do mes de maio.

As accións están a centrarse nunha serie de obradoiros de repostaría tradicional nas principais escolas de hostalería de Galicia para que os seus alumnos coñezan en profundidade a festa local e os doces protagonistas da mesma: melindres, ricos e amendoados.

Deste xeito, tras realizar diferentes obradoiros en centros de A Coruña e Lugo, este mes de marzo foi a quenda para a EFA A Cancela de As Neves. Alí, Alberto Rodríguez, membro de ‘Melide Terra Doce’ e responsable da Pastelería Estilo, amosou aos alumnos da escola o coidadoso procedemento de elaboración destes doces tradicionais de Melide, ademais de presentar diferentes opcións para obter un segundo uso dentro da restauración cos melindres, os ricos e os amendoados.

Fátima Estévez, profesora encargada de impartir a rama de panadería e pastelería en A Cancela, destacou a importancia deste tipo de actividades para coidar, manter e defender a tradición dun produto. “Foi a primeira vez aquí, pero en canto vin que se facían este tipo de actividades –resaltou– souben que ía encaixar moi ben no noso centro, porque a nosa escola é unha escola moi pequeniña, no rural e onde defendemos e promovemos o rural; e como tal, traer aquí un obradoiro sobre os doces típicos de Melide pareceume unha forma estupenda de poñer en valor o que temos. Está claro que os meus alumnos tamén teñen que ver cousas moi modernas, de actualidade, innovadoras e incluso de vangarda, pero por suposto tamén teñen que saber o que é a esencia”.

“Son futuros profesionais da pastelería e non é lóxico que saiban facer un *macaron*, pero non saiban o que é un melindre”

Ese afán por coñecer e afondar na esencia, na tradición, foi o que motivou a Fátima a desenvolver un obradoiro dos doces de Melide no centro de Formación Profesional no que ela imparte clases. “Comprobei que tiña rapaces na aula que por exemplo non sabían o que era un melindre; é certo que ao mellor aquí por esta zona non se consumen tanto, pero son futuros profesionais da pastelería e non é lóxico que saiban facer un *macaron*, pero non saiban o que é un melindre. Creo que nas escolas temos a obriga de pararnos a ver o tradicional, o labor de movelo, traballalo e defendelo; e que mellor forma de facelo que traendo a alguén da terra dos melindres para contarllo aos meus alumnos”.

Grazas a esta actividade, os alumnos de A Cancela tiveron a oportunidade de coñecer en profundidade aspectos sobre a materia prima e a elaboración dos doces típicos da Terra de Melide e tamén, como non, de probalos. “As explicacións de Alberto paráronse moito tempo nas materias primas, e a min iso paréceme crucial –destacou a profesora da escola– que hoxe nun centro de F.P. se coñeza o produto; se os alumnos saben a orixe do produto, o motivo polo que custa máis, aprenden tamén o labor de defender o que fan e aprenden a saber vendelo, porque a artesanía dentro da pastelería é o futuro”.

Con interese e moita curiosidade os alumnos atenderon as explicacións de Alberto Rodríguez. “É curioso, pero sobre todo quedaron impactados co sabor da manteiga, un sabor que non o coñecían, sobre todo porque hoxe en día está desvirtuado xa que na pastelería utilízase moito a mantequilla, pero non a manteiga galega”.

Tamén destacou Fátima Estévez á hora da técnica a historia que hai detrás. “Alberto contounos moi ben a historia enlazándoa incluso co día da muller, porque explicounos que as primeiras persoas no pobo de Melide que aproveitaban ese recurso que había nas casas e que é a manteiga, foron as mulleres; elas foron as que conservaron esa tradición”.

Finalmente, e como anécdota, dende o centro de formación profesional tamén destacaron a máquina antiga coa que se facían os ricos e o feito de que fose alguén da zona o encargado de poñer a teoría sobre a mesa. “Gustounos moito que fose unha persoa da zona, un pasteleiro con tradición o que viñese a explicarnos todo; porque eu pregunteilles aos meus alumnos, por que credes que se molesta en vir aquí de forma altruísta a ensinarnos isto? E tan só coa pregunta os meus alumnos comprenderon que a finalidade é a de coidar da nosa tradición, da cultura, do patrimonio e non perdelo”.

Entre profesores e alumnos do EFA A Cancela participaron no obradoiro de repostaría tradicional máis de 30 persoas. Dende a escola quixeron agradecer a actividade e a colaboración tanto do Concello de Melide como da asociación Melide Terra Doce, “porque na miña opinión –dixo Fátima– este tipo de actividades e colaboracións son moi importantes na Formación Profesional”.

O obxectivo destas actividades, ao igual que todas aquelas que se fan para promover o Melindre, é o de dar a coñecer a calidade dun produto ligado á Terra de Melide feito á man, de marcado carácter tradicional e que combina perfectamente coa gastronomía actual. Cumpre sinalar ademais que a Festa do Melindre é Festa de Interese Turístico dende o ano 2013.

VI edición do programa "Software libre nos centros penitenciarios de Galicia"

Voluntarios de Melisa (Asociación de usuarios de software libre da Terra de Melide) presentaron a sexta edición do programa de difusión e formación en tecnoloxías libres nos centros penitenciarios de Galicia; un programa de actividades que arrancou no ano 2013 como parte das actividades que leva a cabo o colectivo para a difusión das tecnoloxías libres a diferentes sectores sociais da comunidade.

Nestes últimos anos foron realizadas diferentes actividades en cada un dos centros penitenciarios de Galicia, así como nos centros CIS de Vigo e A Coruña.

Na presente edición, que comezou o 14 de febreiro no Centro Penitenciario de Monterroso, vanse impartir aqueles contidos necesarios para poder presentarse aos exames da certificación galega de competencias dixitais (CODIX) que se promove dende a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

Así, un grupo reducido de internos vai recibir formación a cargo do voluntario de MeLiSA, Rafael Rodríguez Gayoso, que se vai apoiar en recursos que se puxeron en marcha en anos anteriores.

Esta iniciativa forma parte das actividades que Melisa realiza no marco do convenio de colaboración asinado coa AMTEGA, e incluídas no Plan de Acción de Software Libre 2020 da Xunta de Galicia.

Excursión do centro social de Melide

O Concello de Melide organiza unha excursión a Allariz e Ourense o martes 17 de marzo para os socios e socias do centro social.

A saída está prevista para as dez da mañá do cantón de San Roque e todos aqueles que desexen anotarse deberán facelo no centro social.

O autobús disposto para a viaxe será gratuíto, mentres que a comida, que será reservada para comer todos xuntos, pagarase no restaurante.

II edición das Sesións Vermú en Sobrado

Arranca a segunda edición das Sesións Vermú que organiza o Concello de Sobrado.

A primeira cita coa música en directo destas xornadas será o domingo 12 de abril, coincidindo coa Semana Santa, a partir das 14:00 horas na Praza do Concello.

A formación que abrirá estas Sesións Vermú será Los Alcántara.

Ouro e prata do Ayude para a selección

Ata Xixón, en Asturias, desprazouse a selección galega de Loitas Olímpicas para disputar o campionato de España escolar e Cadete.

A Escola Ayude de Santiso participou con dous loitadores, Nerea Iglesias e Nahum Ayude.

Ambos cumpriron e aportaron sendas medallas á selección; Nahúm facéndose cunha prata durísima, xa que tivo que escalar loitando con deportistas dos seus respectivos centros de alto rendemento en Andalucía, Madrid e Murcia; e Nerea facéndose cunha medalla de ouro que lle deu a Galicia a terceira posición por seleccións.

Sons da Chaira será a agrupación convidada ao V Festival Infantil de Herba Grileira. A cita terá lugar o domingo 22 de marzo ás 12 do mediodía na Casa da Cultura de Melide. Sobre o escenario, máis de 100 nenos e nenas que deleitarán ao público asistente coa súa arte.

Panorama presentará a súa nova xira en Melide

A orquestra Panorama vai a celebrar a súa gala de presentación -o que é a primeira actuación da temporada para o 2020 e coa que dará por comezada unha nova xira-, na vila de Melide. Será na explanada da feira o venres 27 de marzo.

Xunto a unha carpa preparada para a ocasión, e contando con máis actuacións, a orquestra Panorama presentará o seu novo tour que este ano levará por nome *"La Gira... de todos vosotros"* en homenaxe a todos os seus seguidores.

A gala servirá para dar a coñecer en primicia o novo espectáculo da orquestra, con nova montaxe, nova iluminación e por suposto novas fichaxes; un conxunto co que pretenden que "ninguén quede indiferente".

Así por exemplo, entre as novas incorporacións destaca Cibrán, excompoñente de París de Noia ou Grupo Claxxon; Judith Endje, recoñecida coreógrafa que participou en galas de Operación Triunfo, MTV ou os Premios 40 Principales; e tamén Elena Marín, bailarina que vén de percorrer o mundo acompañando á cantante Rosalía.

A gala de presentación da orquestra Panorama adoita facerse cada ano en diferentes puntos de Galicia, e incluso de España, reunindo a miles de persoas. Este ano optaron pola vila de Melide por consideralo "un sitio céntrico".

Xunto á boa acollida que esperan ter, animan a participar do espectáculo a mozos e non tan mozos para gozar das actuacións e tamén da noite.

O Cire apura as opcións de xogar a promoción

Non está sendo unha temporada doada para o C.F. Cire, no que se refire ao primeiro equipo. Unha plantilla confeccionada para estar arriba na clasificación non asegura que isto vaia acontecer. De feito, as opcións de título son nulas e as de xogar a promoción poucas, pero o equipo parece non tirar a toalla e os resultados das últimas semanas devolven a ilusión. Quedan oito partidos que serán oito finais, e o que non se pode negar é o traballo e seriedade do equipo e corpo técnico.

Sorteo entre os afeccionados

A fin de semana do 7 e 8 de marzo foi especial porque o club celebrou un sorteo en metálico de 100, 200 e 300 euros coincidindo coa visita do Villestro. O sorteo foi presencial, así que a afluencia de afeccionados foi moi alta, a mellor entrada da temporada, e o equipo respondeu con vitoria e bo xogo. Foi no descanso do partido canso se procedeu ao sorteo.

Disparidade na canteira

Polo que respecta á canteira, de todo como en botica; pero en xeral, os rapaces están competindo moi ben tendo en conta as dificultades que supoñen algunhas das categorías nas que o están facendo.

Tal é o caso do Prebenxamín ou Alevín A, que compiten en Primeira Autonómica, cun nivel de esixencia máis alto. O Prebenxamín, de feito, rematou a primeira fase da liga entre os tres primeiros e agora está a xogar unha segunda fase moito máis complicada cos mellores.

Cabe resaltar a temporada inmaculada do Cadete, que está invicto na competición e a piques de celebrar algo máis que vitorias. E tamén están moi bonitas as ligas do Infantil A e o Xuvenil, cos equipos loitando polos primeiros postos.

Con respecto aos demais, traballando ben durante a semana e con resultados dispares nos seus partidos da fin de semana. En todo caso, máis de 130 nenos e nenas practicando o deporte do fútbol en Melide.

Entrega de premios do sorteo de 100, 200 e 300 euros, e bancada repleta de afeccionados durante o partido Cire - Villestro

I Torneo Melide Fútbol Sala

Os días 27 e 28 de xuño vaise celebrar o primeiro Torneo Melide Fútbol Sala.

As categorías serán Biberón, Prebenxamín, Benxamín e Alevín, cada unha con seis equipos.

A inscrición, que é gratuíta, así como máis información pode solicitarse no número de teléfono 629 742 748.

Os 21 do Camiño, de novo mellor media maratón de España

Por quinta edición consecutiva os usuarios de "Runedia" elixiron a Os 21 do Camiño como mellor media maratón de España; unha proba que destaca pola beleza e a dificultade do seu percorrido.

Este ano celebrarase o sábado 20 de xuño.

José Núñez López, o escritor de Visantoña

In memoriam

Xosé Manuel Broz Rei

Xosé Núñez López, un egrexio visantoñao, é o noso máis prolífico escritor desta Terra de Melide, colaborador neste xornal Cerne, no Boletín do Museo...e escritor da súa propia obra, 18 libros, que un tras doutro foi escribindo, lembrando a vida desta terra, sempre atento ao acontecer cultural que se desenvolve nela.

No Boletín 29 do Museo, do ano 2016, a petición miña, escribiu un pouco da súa biografía e fixo un resumo da súa obra...xa non tiña moitas gañas de escribir por problemas de saúde, pero fíxoo, e nos anos seguintes tamén pola miña insistencia, porque sabemos que o estar activo é vida, e así estivo el ata os seus 97 anos, quen para o 31 de xullo faría os 98...un século de vida con tantos aconteceres...

Despois da escola, aprendeu o oficio de carpinteiro con seu pai, e di que *non era un completo labrador nin un bo carpinteiro...así que ingresa na Garda Civil aos 25 anos...destinado a Barcelona, onde nas horas libres traballa nun taller de ebanistería...aprende a escribir á máquina...estudia e oposita, ascende, acada o grao de Subtenente; traballa en oficinas...e comeza a escribir "cartas ao Director"...ten o traslado a Vigo...e xubílase aos 56 anos...logo seguiu en activo como representante comercial...*

A pesar de que parte da súa vida desenvolveuse en Cataluña e Vigo, nunca deixou de vir cada verán a súa terra, nin perdeu a súa fonda galeguidade e amor a súa Visantoña; home dunha grande memoria, da que facía gala nos seus relatos orais ou escritos, dotado dunha grande humanidade e sabedoría, que el foi acadando ao longo da súa vida. Tenme contado que cando estivera destinado na fronteira francesa, aprendera o suficiente francés para relacionarse con eles e estar atento a actualidade francesa, sendo intérprete e relación entre ámbolos dous países nese posto da fronteira....e tamén ten dito do moito que ten axudado aos galegos que por aquela fronteira pasaban...porque Núñez tiña a virtude da bonhomía.

Así que, despois dunha longa vida, comeza a escribir, e velaí a súa prolífica obra:

Libro 1.- *Historia da Banda de Música de Visantoña- Santiso. A Coruña (1877-2000)*

Libro 2.- *Historias y recuerdos, ano 2002: relata memorias da súa vida.*

Libro 3.- *1877-2007-Banda – Escola dde Música de Visantoña. 130 anos de Historia ininterrumpida, ano 2007: editado pola Deputación da Coruña.*

Libro 4.- *Historia dunha Parroquia do rural Galego, 2008.- finalista do premio, e editado por Sotelo Blanco; sobre a parroquia de Visantoña.*

Libro 5.- *Un siglo de historia real contada por medio de Cartas al director, 2009.- escritos de opinión de temas da actualidade.*

Libro 6.- *Síntesis de la Persecución Relixiosa en España do ano 1934 ao 1939, ano 2010.- lembranza do fraile Capuchino Berardo de Visantoña +1936.*

Libro 7.- *A probiña Dorinda, Xosé Núñez López e Lino Agra Pardo, ano 2010.-novela curta.*

Libro 8.- *Dúas insólitas historias de amor; ano 2010: sobre amores no rural galego.*

Libro 9.- *Eu son fillo de nai solteira; ano 2011.- nel relata a súa nenez*

Libro 10.- *experiencias vividas en la españa franquista: estraperlo, Contrabando, Fraude y emigración.- ano 2011: relatos de aconteceres na postguerra*

Libro 11.- *O verdadeiro escándalo de María dolores.- ano 2012.- novela curta*

Libro 12.- *Síntesis Histórica y Gráfica de la Parroquia de Visantoña-Santiso.- ano 2012.- relatos de Visantoña*

Libro 13.- *Síntesis Histórica y Gráfica de la Parroquia de Visdantoña-Santiso; aumentada y corregida.- ano 2012.-*

Libro 14.- *El monasterio de Carboeiro: historia y leyendas. Las minas de Wolfram en Fontao.- ano 2013.-*

Libro 15.- *Dos gallegos desafían el Atlántico.-ano 2013.- historia dun emigrado de Visantoña en Arxentina*

Libro 16.- *Historia, mitos y Leyendas de Bandoleros.- ano 2014.-*

Libro 17.- *La seriedad del catalán y la sabiduría del gallego.-ano 2014.- Relatos da súa vida en Cataluña mesturada con Gaslicia*

Libro 18.- *Mocear no rural galego fai un século.- ano 2016.-*

A mellor honra para un escritor é ler algunha obra súa, e poder ver a súa naturalidade, e o carácter galego que abrollan en cada páxina; el di que aprendeu de seu avó, bo contador de contos ao pé da lareira.

No ano 2012 andivemos polas aldeas de Visantoña, e cando estabamos na Casa López, a casa de seu avó, Ramón López Soto, onde tivo estanco e Correo, onde el se criou, cavilamos que ben se merecía musealizala; unha, por ser dunha arquitectura autóctona moi representativa; e outra, por ser o berce onde naceu a Banda creada polo seu avó e auspiciada polo señor da Casa Grande de Vilar de Ferreiros...motivos máis ca suficientes para conservar este legado como Museo de Visantoña, onde expoñer a súa propia identidade...e agora faise máis necesario co pasamento de José Núñez, onde honrar a súa memoria e a obra.

Agardamos que o soño dun día se poida facer realidade, e queda escrito o seu soño neste papel...para que alguén recolla esta semente e floreza nesta Terra de Abaixo, como el lle chamaba, e se faga realidade nesta fermosa, autóctona, singular e antiga Casa dos López, o Museo de Visantoña.

...porque os pobos que honran a súa memoria e a propia historia, serán eternos.

Bibliografía: A súa obra escrita: 18 libros.- Boletín 29, páx.209, e outros.- Xornal o Cerne.- Santiso, de Broz, a Casa dos López, páx. 458.

O Cerne de hai 15 anos

Faite oír coa nosa voz

Cerne

Terra de Melide

A.S.E.T.E.M. Asociación de Empresarios Terra de Melide

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 4. 15 de marzo -15 de abril de 2005. Distribución gratuíta.

A normativa resta un mínimo de dúas horas do horario habitual dos pubs

Os novos horarios de peche provocan malestar no ambiente da "movida"

Desde que o pasado 20 de febreiro entrara en vigor a nova normativa autonómica reguladora dos horarios da hostaleiría, sucedéronse as protestas e as opinións desfavorables ao respecto.
Os veciños que se queixaban do ruído sófreno agora aínda máis, os propietarios dos locais de ocio e tamén dos de restauración quéixanse de falta de tempo para rendibilizar os seus negocios, e os mozos e as mozas que máis gozaban da "movida", rebélanse como poden ou improvisan outros métodos de diversión. **Máis en p. 8 e 9**

Inaugurado o velorio municipal

O domingo 13 de marzo, as autoridades municipais inauguraron o velorio de Melide.
A obra, financiada pola Deputación de A Coruña, ten 203 metros cadrados e contou cun orzamento de 167.812 euros.
Máis en p. 4

O Concello de Melide bota no lixo as pancartas da Plataforma

As pancartas que solicitaban a "Autovía por Melide" nas rúas da vila o ano pasado foron enviadas para "tratamento como residuos" polos servizos municipais, tal e o como informou a alcaldesa nun escrito dirixido ao colectivo.
Máis en p. 5

A oposición de Toques pide contas polo derrubamento dun alpendre

Acusan ao alcalde, Xesús Ares, de aplicar criterios de "agravio comparativo" ao emitir ordes de derrubamento. PSOE e AIT solicitan ao Concello información sobre licenzas de construcción.
Máis en p. 11

O cambio de mes trouxo a neve a Melide e deixou imaxes para o recordo

Desta guisa amanecía o Cantón de San Roque o pasado venres 25 de febreiro. As baixas temperaturas e a acumulación de nubosidade facían o que lles é mester e baleiraban o cargamento en forma de neve. A mesma estampa repetíase o venres seguinte, 4 de marzo, e nesta ocasión, a intensidade da neve da mañá provocou incluso cortes de tráfico na estrada de Agolada, onde houbo traballo para a máquina quitaneves. **Máis en p. 20**

O pasado mes de decembro Cerne cumpriu 15 anos e co obxectivo de conmemoralo e facer un percorrido polas novas máis destacadas da patronal, de Melide e da comarca creamos esta pequena sección para compartir as portadas de cada número. A seguinte: ***Marzo de 2005. Nº4***

ÓSCAR MANUEL GARCÍA MOSTEIRO, INDUSTRIAS CÁRNICAS GARCÍA

"A nosa venda pode estar nun 70% porco e 30% tenreira, cando hai anos era metade e metade"

Situados en Melide, Cárnicas García dedícase actualmente á produción e distribución de carne de tenreira e porco de alta calidade. Os seus inicios remóntanse ao ano 1977, cando Manuel García Vázquez, xunto coa súa dona, María del Carmen Mosteiro Arias –pai e nai de Óscar– iniciaron a súa actividade cunha pequena carnicería en Melide. Máis de corenta anos despois o Grupo García conta con varias sociedades, manexa un volume de negocio anual de catro millóns de euros, distribúe os seus produtos en toda Galicia, e tamén nalgún punto de España, e teñen previsto inaugurar dúas novas naves para a ceba de porcos o vindeiro mes de xullo. Óscar García, xerente da empresa, explica que o éxito desta traxectoria radica unicamente en "traballar e traballar".

- Levan toda a vida vinculados ao sector, non si?
- Óscar Manuel García (O.G.): Si, de feito o tema da carne foi o inicio; de aí saíu todo. Meu pai foi tratante e tiveron unha carnicería pequena en Melide. De aí pasamos aos supermercados, e despois foi cando tivemos a oportunidade de comprar o matadoiro de Melide, no ano 2011. En resumo, somos unha empresa familiar fundada por meus pais e na que continuamos os fillos.

- Cales son os seus produtos e servizos?
- O.G.: Só tenreira e porco, e en Melide temos a sala de despezar. Servimos ás catro provincias galegas e despois tamén temos clientes fóra de Galicia, por exemplo en Madrid, Barcelona, Zaragoza ou Málaga. En canto á distribución, toda a nosa venda é ao pormaior e de feito o 80% dos nosos clientes son fabricantes de embutidos e cadeas de supermercados; e logo tamén carnicerías e algo de hostalería. En canto ao transporte, dispoñemos dunha frota de sete camións, entre transporte de gando vivo e frigoríficos, e contamos con axencias de transporte frigorífico.

A sala de despezar de Cárnicas García atópase situada en O Meire, en Melide. Xunto á frota de vehículos, as instalacións contan con varios molles de carga e descarga, dous túneles de conxelación e nove cámaras de conservación ademais da sala. (Fotos: Cerne e C.G.)

- Só venden a carne que vostedes producen?
- O.G.: Non, do que producimos andamos no 40%. O 60% restante obtémolo de granxas que están integradas con nós, que teñen gando tanto de porco como de tenreira.

- Onde se localiza a súa produción?
- O.G.: O noso gando extensivo atópase na Finca Anduriña, aquí en Melide; e logo temos outra explotación en Curtis, que é La Curtisana e que está destinada a granxa de Tenreira Galega. En La Curtisana dúas das naves son de ceba de Tenreira Galega, e unha terceira nave é de Tenreira Galega Suprema. Despois, no tema de porcino temos unha explotación en Zaramil, que está aquí cerca de Melide e aí temos nais reprodutoras e máis cebamos; e agora, hai uns meses que empezamos dúas naves novas na Anduriña, só de ceba con capacidade para 2.000 porcos e que deberán estar inauguradas o 17 de xullo deste ano. De feito xa están en construción.

- Cantos empregados teñen?
- O.G.: No que é o Grupo García somos unhas 18 ou 19 persoas.

- Como se distribúe o Grupo García?
- O.G.: Tal e como o temos constituído actualmente o Grupo García componse de catro sociedades: Produtora de Vacún García, que é unha sociedade dedicada á tenreira; Industrias Cárnicas García, que é a sala de despezar de Melide; Supermercados García, que foi co que comezamos e hoxe en día temos 5 supermercados, o de Melide, Friol, Monterroso, Palas de Rei e Guitiriz, que son nosos pero están en franquía con Froiz; e finalmente Garcipor, que é unha explotación de porcino onde están as nais, as reprodutoras. Sen esquecer García Explotaciones de Porcinas, que son as granxas novas que estamos facendo só para a ceba de porcos.

- No seu sector, que tipo de produto se consume máis hoxe en día?
- O.G.: A carne de porco sen dúbida. No noso caso hai dez anos atrás a tenreira era prioritaria aquí, pero co tema da crise a xente comezou a demandar un produto máis económico, e o máis económico que temos nós é o porco. A nosa venda pode estar nun 70% porco e 30% tenreira; cando antes case era ao revés, ou polo menos un 50-50.

- Máis de 40 anos coa empresa en pé. Cal é o segredo para manterse no tempo, e con éxito?
- O.G.: O éxito está en traballar, traballar e traballar. Facer a media xornada de 12 horas e a xornada completa de 24. É así, e despois que somos unha empresa que foi familiar pero que conta con xente nova, sempre nos gustou rodearnos de xente nova porque sen eles non hai futuro.

- Cales son as principais dificultades ou retos aos que se enfronta o sector?
- O.G.: Estamos nun mundo que é global. Por exemplo no tema de porcino o que vai pasar é que levamos varios anos co tema de Asia, que está demandando porco, e véñeno comprar a Europa. En xaneiro do ano pasado o quilo de porco en vivo estaba a 1 euro, hoxe está a 1,50. Veñen comprar a Europa porque é seguro en canto a benestar animal, así que como produtores non diría que temos dificultades, o que si temos que seguir facendo é profesionalizándonos.

- Cre vostede que os produtores "pequenos" están condenados a desaparecer?
- O.G.: Si, totalmente; pero como en todos os negocios. Se eu non me modernizo, non é que estea condenado, é que non compito. E ao non competir non ingreso. Nós compramos a pequenos produtores tamén, pero é certo que cada vez hai menos, e tamén é certo que nos é máis fácil comprar a un grande que a un pequeno. Unha persoa que ten 200 vacas xa non vai a unha feira, necesita unha empresa grande que lle merque toda a súa produción. A iso me refiro. Por poñerche un exemplo; eu teño gando mercado para un mes e medio xa, non o teño vendido, pero comprado si. E iso é o normal, porque un negocio quere estabilidade.

Cárnicas García

Sala de despezar e oficinas centrais en A Madanela - O Meire (Melide)

Tlfn.: 981 81 54 00

Campaña
Revisión Auditiva 2020
GRATIS

Instituto de la Sordera

- **AUDÍFONOS PRIMERAS MARCAS**
- **Ajuste de sus audífonos** personalizados.
- **Revisión y seguimiento** de sus ayudas auditivas.
- **Mantenimiento y reparación** de sus audífonos.
- **3 años de garantía.**
- **Pilas gratis*** para sus audífonos.
- **Financiación a medida** para la compra de sus audífonos.
- **Ayudas técnicas** para TV y Telefonía.
- **Protección auditiva** contra el agua y ruido.
- **Productos de limpieza** y accesorios para sus audífonos.

*Según modelo y durante el 1º año.

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.



Compromiso de satisfacción total,
si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Ven a probar la última tecnología y olvidate de las pilas!

AUDÍFONOS RECARGABLES
Sencillos, automáticos,estéticos

PHONAK
life is on A Sonova brand

Revisión Auditiva Gratuita
Garantía de Prestación Sanitaria
Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

Pida su cita al T. 648 754 761
Ronda de la Coruña 34. **MELIDE**